Neste sentido, cobra especial relevancia o tratamento do Alumnado con Necesidade Específica de Apoio Educativo (ACNEAE), entendidos como os alumnos e alumnas que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e a comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por atoparse en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais,

por incorporarse tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar.

O traballo coordinado xunto co Departamento de Orientación, o equipo docente, o persoal sanitario e a familia do alumnado será fundamental para a abordaxe das dificultades que poidan xurdir no proceso de ensino-aprendizaxe.

O documento de referencia será o Plan Xeral de Atención á Diversidade, no que figurarán as posibles medidas tanto ordinarias como extraordinarias de atención á diversidade. Neste sentido, a información obtida na avaliación inicial axudará a escoller a/as medida/as de atención á diversidade, como poden ser o reforzo educativo, o apoio de profesorado con dispoñibilidade horaria ou o apoio de profesorado especialista en Audición e Linguaxe e/ou Pedagogía Terapéutica. Será importante tamén a planificación de actividades de reforzo e ampliación para individualizar o ensino e atender á totalidade do alumnado.

Compre lembrar que nos cursos impares non se pode permanecer un ano máis no curso correspondente.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X					X	X
ET.5 - Creatividade	X	X	X				X	X
ET.6 - Emprendemento	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Igualdade entre homes e mulleres	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Educación para a paz e resolución pacífica de conflitos	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Educación para o consumo responsable			X	X			X	
ET.10 - Desenvolvemento sustentable	X	X	X	X			X	
ET.11 - Educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.12 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.13 - Pluralidade e respecto polo estado de dereito.					X	X		
ET.14 - Respetto pola diversidade afectivo-sexual	X	X	X	X	X	X	X	X

### Observacións:



O traballo dos elementos transversais está implícito na labor docente, xa que debemos transmitir unha serie de valores e actitudes ao noso alumnado, tal como reflicte a lexislación vixente.

Os elementos transversais non pertencen exclusivamente a unha área en concreto, senón que deben ser abordados ao longo de todas elas.

As CCSS serán un espazo ideal para que de xeito globalizado se traballen todos estes contidos mesturados cos propios da área.

Certos elementos transversais, como a expresión oral e escrita ou a resolución pacífica de conflitos estarán presentes ao longo de todas as unidades didácticas. Por outra banda, contidos como o desenvolvemento sustentable, serán abordados en unidades didácticas en concreto.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saída ao planetario	Visita á Casa das Ciencias (A Coruña) ao longo do 1º trimestre, có gaio de complementar os contidos traballados durante as dúas primeiras unidades didácticas.			
Plan Director ou Navega con rumbo	Charlas informativas sobre os riscos de Internet e propiciar unha navegación segura.			
Visita á Deputación Provincial	Visita ao abeiro da unidade didáctica 6 "A nosa CCAA: Galicia", concertamos unha visita a un dos órganos de goberno da nosa localidade.			
Saída parque de tráfico	Posta en práctica dos contidos da unidade 5 "o lugar onde vivimos" relacionados coa educación vial.			
Visita ao Castro de Viladonga	Visita ao museo arqueolóxico do Castro de Viladonga (Castro de Rei) coa finalidade de coñecer a vida dos nosos antepasados.			

### Observacións:

As actividades complementarias plantexadas buscan proporcionar ao alumnado unhas aprendizaxes vivenciadas, empregando recursos non tan habituais.

Resulta fundamental a planificación de actividades complementarias para consolidar os contidos traballados ao longo do curso.

O feito de realizar actividades fora do entorno habitual de aprendizaxe ou mesmo con outras persoas implicadas, resulta moi motivante para o alumnado e serve de catalizador para a consolidación destas aprendizaxes.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Ofréceselle ao alumnado as explicacións individuais que precisan?
Conseguíuse motivar ao alumnado?
Elabóranse diferentes actividades segundo o nivel de desenvolvemento do alumnado?
Préstase atención aos elementos transversais plantexados?

Adáptanse as probas aos diferenets ritmos e estilos de aprendizaxe?
Infórmase ao alumnado dos resultados obtidos nas diferentes probas?
Infórmase ao alumnado dos erros cometidos nas diferentes probas, tarefas ou actividades?
Cal é o grao de coordinación co resto do equipo docente?
Tomáronse medidas para atender ao ACNEAE?
Mantívose contacto coas familias logrando a súa implicación no proceso?
Aproveitáronse os recursos dos que dispón o centro?

### Descrición:

Cando falamos de avaliación, o primeiro que se nos ven á cabeza é a avaliación do alumnado, mais non adoitamos ter en consideración a propia práctica docente. O propio Decreto que establece o currículo, no seu artigo 21 de avaliación e promoción, e a orde de 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación, recollen a necesidade de establecer indicadores de logro para avaliar os procesos de ensino e a súa propia práctica docente nas programacións didácticas. A información para avaliar todos estes items estará recollida no diario de sesións e no rexistro anecdótico de cada unha das Unidades Didácticas.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Toda a programación está suxeita a ser revisada con continuidade có obxectivo de adaptar o proceso de ensino-aprendizaxe aos diferentes ritmos, intereses e necesidades do alumnado.

Durante o desenvolvemento das diferentes Unidades Didácticas e ao remate das mesmas, levarase a cabo unha avaliación obxectiva coa finalidade de mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe.

Ao remate de cada trimestre, valoraranse os resultados académicos obtidos polo alumnado, a información recollida a través dos indicadores de logro do epígrafe anterior e os datos aportados polo equipo docente nas sesións de avaliación, có gallo de formular propostas de mellora en todos os aspectos da programación (proceso de aprendizaxe, proceso de ensino e a propia práctica docente). Faremos especial fincapé na análise das cualificacións obtidas ao longo dos tres trimestres.

Por outra banda, un dos aspectos a tratar durante as sucesivas reunións do equipo do 2º ciclo, será o propio seguimento das Programacións Didácticas.

## 9. Outros apartados

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15015652	CEIP Apóstolo Santiago	Santiago de Compostela	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Educación física	3º Pri.	2	70

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	26
4.2. Materiais e recursos didácticos	26
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	27
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	29
6. Medidas de atención á diversidade	31
7.1. Concreción dos elementos transversais	32
7.2. Actividades complementarias	33
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	34
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	35
9. Outros apartados	36

## 1. Introducción

O presente documento desenvolve unha programación didáctica para a área de Educación Física en 3º curso de Educación Primaria, realizada en base á Concreción Curricular do centro e tendo en conta o Decreto vixente actual no que se establece o currículo de Educación Primaria.

A área de Educación Física debe fundamentarse na adquisición das capacidades que contribúan ao desenvolvemento persoal e a unha mellor calidade de vida. Ten que dirixirse cara ao coñecemento progresivo da conduta motora e á adquisición de actitudes, valores e normas referentes ao corpo e ao movemento. A área de Educación física ten como finalidade principal a competencia motriz dos alumnos e das alumnas, entendida como un conxunto de coñecementos, procedementos, actitudes e sentimentos que interveñen nas múltiples interaccións que realiza un individuo no seu medio e cos demais e que permite que o alumnado supere os diferentes problemas motrices propostos tanto nas sesións de Educación física como na súa vida cotiá. A competencia motriz, que non está recollida como unha das competencias clave, é fundamental para o logro de diversos fins educativos na Etapa de Educación Primaria: socialización, autonomía, aprendizaxes básicas e mellora das posibilidades expresivas, cognitivas, comunicativas e lúdicas.

Pero a Educación Física non é unha simple aprendizaxe de movementos, senón un camiño cara á educación total que utiliza dito movemento como axente pedagóxico con diversas funcións: de coñecemento, de organización perceptiva, anatómico-funcional, estético-comunicativa, de relación persoal coas demais persoas, agonística, hixiénica, hedonista, de compensación e catártica. Esta área curricular está especialmente indicada para integrar todo tipo de alumnado e resulta idónea de cara á Atención á Diversidade. Debe incidirse na Coeducación e na Igualdade de oportunidades para ambos sexos.

Un dos obxectivos principais debe ser fomentar a adquisición dun estilo de vida activo e saudable que lle permita ao alumnado chegar a consolidar hábitos e, posteriormente, perpetualos ao longo da súa vida. Esos hábitos de vida saudable son a clave para evitar o sedentarismo e a obesidade contribuíndo a ter calidade de vida. Temos que inculcar ao noso alumnado que a actividade física ten que estar no presente e no futuro do seu día a día.

Para abordar con posibilidades de éxito as numerosas situacións motrices ás que se verá exposto o alumnado ao longo da súa vida, será preciso desenvolver de maneira integral capacidades de carácter cognitivo e motor, pero tamén afectivo - motivacional, de relacións interpersoais e de inserción social. Deste xeito, o alumnado terá que aprender a xestionar as súas emocións e as súas habilidades sociais en contextos de práctica motriz.

O alumnado tamén deberá recoñecer diferentes manifestacións da cultura motriz, como parte relevante do patrimonio cultural, expresivo e artístico, que poden converterse en obxecto de gozo e aprendizaxe. Para iso, será preciso desenvolver a súa identidade persoal e social integrando nela as manifestacións máis comúns da cultura motriz, a través dunha práctica vivenciada e creativa.

O desenvolvemento de actitudes comprometidas co medio ambiente e a súa materialización en comportamentos baseados na conservación e na sustentabilidade asociaranse cunha competencia fundamental para a vida en sociedade que debe comezar a adoptarse nesta etapa.

\*\*\* CARACTERÍSTICAS PSICOEVOLUTIVAS ALUMNADO DE 2º CICLO (8 a 10 anos).

- **Ámbito cognitivo:** atópase en plena etapa do período das operacións concretas, o que supón que razoan lóxicamente, xa non emiten xuízos intuitivos propios do período anterior. Agora ben, o seu razoamento está vencellado á manipulación dos obxectos aos que éste se refire.

- **Ámbito motor:** teñen cada vez máis relacións co mundo que os rodea. Neste período, mostran unha maior forza e unha gran progresión na coordinación motora.

- **Ámbito afectivo-social:** nesta idade, ábreanse a persoas e costumes diferentes ás súas, na que actúan de modo cada vez máis autónomo, poñéndose eles mesmos os seus fins e organizando as súas accións por sí solos en función dos seus proxectos e obxectivos. Nesta etapa advírtese unha segregación entre sexos, producíndose unha clara diverxencia entre os xogos dos nenos e das nenas. Neste período, o grupo organízase para converterse no verdadeiro centro da vida escolar.

----- Neste documento recóllese unha programación didáctica flexible, para a área de Educación Física en Educación Primaria que se planifica para levar a cabo no Centro de Educación Infantil e Primaria CEIP Apóstolo Santiago no curso 2023/2024, no que actualmente conviven 3 grupo de EI xunto con 6 de EP, correspondendo un aula por curso. A distribución de alumnado por curso é a seguinte:

4ºEI: 21 (11 nenas e 10 nenos)  
 5ºEI: 18 (11 nenas e 7 nenos)  
 6ºEI: 25 (15 nenas e 10 nenos)  
 1ºEP: 25 (14 nenas e 11 nenos)  
 2ºEP: 25 (16 nenas e 9 nenos)  
 3ºEP: 22 (14 nenas e 8 nenos)  
 4ºEP: 17 (7 nenas e 10 nenos)  
 5ºEP: 22 (11 nenas e 11 nenos)  
 6ºEP: 24 (9 nenas e 15 nenos)

**\* CONTEXTUALIZACIÓN**

- Centro: CEIP Apóstolo Santiago
- Unidades: 9 ( 3 en EI e 6 en EP)
- Curso: 3º
- Nº alumnos/as: 22 ( 14 nenas e 8 nenos)
- Contorna: urbana pero non céntrica
- Instalacións: pavillón polideportivo, aula de psicomotricidade, patio exterior, zona verde no exterior
- Xornada escolar: continua (09:00 a 14:00)

O espazo onde se levarán a cabo as sesións de EF será principalmente o pavillón polideportivo, onde se atopa a maior parte do material. Ademais sempre que a actividade e as condicións meteorolóxicas o permitan, se usarán as pistas exteriores así como a zona verde. Puntualmente se subirá á biblioteca, en busca de información sobre algún deporte alternativo, ou para visualizar tácticas e regulamento dalgún deporte. A aula de psicomotricidade con chan acolchado e colchonetas, será un bo lugar para algunhas das sesións.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Adoptar un estilo de vida activo e saudable, practicando regularmente actividades físicas e deportivas e adoptando comportamentos que potencien a saúde física, mental e social, así como medidas de responsabilidade individual e colectiva durante a práctica motriz para interiorizar e integrar hábitos de actividade física sistemática que contribúan ao benestar.			2-5		2-5		3	
OBX2 - Adaptar os elementos propios do esquema corporal, as capacidades físicas, perceptivo-motrices e coordinativas, así como as habilidades e as destrezas motrices, aplicando procesos de percepción, decisión e execución adecuados á lóxica interna e aos obxectivos de diferentes situacións, para dar resposta ás demandas de proxectos motores e de prácticas motrices con distintas finalidades en contextos da vida diaria.			1	3	4-5			

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3 - Desenvolver procesos de autorregulación e interacción no marco da práctica motriz, con actitude emprática e inclusiva, facendo uso de habilidades sociais e actitudes de cooperación, respecto, traballo en equipo e deportividade, con independencia das diferenzas etnoculturais, sociais, de xénero e de habilidade dos participantes, para contribuír á convivencia social e ao compromiso ético nos diferentes espazos en que se participa.	1-5				1-3-5	2-3		
OBX4 - Recoñecer e practicar diferentes manifestacións lúdicas, físico-deportivas e artístico-expresivas propias da cultura motriz, valorando a súa influencia e as súas achegas estéticas e creativas á cultura tradicional e contemporánea, para integralas nas situacións motrices que se utilizan regularmente na vida cotiá.		3				3		1-2-3-4
OBX5 - Valorar diferentes medios naturais e urbanos como contextos de práctica motriz, interactuando con eles, comprendendo a importancia da súa conservación desde un enfoque sustentable e adoptando medidas de responsabilidade individual durante a práctica de xogos e actividades físico-deportivas, para realizar unha práctica eficiente e respectuosa coa contorna e participar no seu coidado e mellora.			5			2-4	1-3	

#### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Benvida ao curso	Inicio de curso, saúdo, recordatorio das normas básicas, xogos cooperativos e toma de medidas atopométricas.	10	4	X		
2	Coñecemento do propio corpo	Nesta unidade traballaremos o coñecemento do propio corpo e as súas posibilidades de movemento, lateralidade, equilibrio e coordinación	10	8	X		
3	percepción espazo-temporal	Traballo coa percepción de espazos, ocupación e desprazamento polos mesmos. Tamén da percepción dos ritmos, do tempo e actuacións en relación ao mesmo.	10	8	X		
4	Acrosport	Descubrir a disciplina do Acrosport.	10	8	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
4	Acrosport	Empregar o equilibrio, o compoñente kinestésico, a cooperación... para desenvolver en equipa algunhas figuras de carácter sinxelo. Traballo dos agarres, dos apoios e da postura corporal.	10	8	X		
5	Habilidades Motrices Básicas 1	Comezaremos por traballar as HMB que dependen do propio corpo, desprazamentos, saltos e xiros.	10	8		X	
6	Habilidades Motrices Básicas 2	Centrarémonos nesta unidade nos lanzamentos e recepcións. Empregando a manipulación de obxectos, implementos e móbiles.	10	8		X	
7	Danzas do mundo	Traballar o ritmo aprendendo danzas sinxelas doutros pobos do mundo.	10	5		X	
8	Xogos con material de refugallo e alternativos.	Coñeceremos material diferentes aos habituais cos que tamén podemos xogar. Por unha banda empregaremos xoguete fabricados con material de reciclaxe, xogos que se poidan facer con este tipo de material e incidindo no traballo da reutilización fabricaremos algún xoguete dos que mais lles gustaran. Por outra banda tamén coñeceremos materiais dos denominados alternativos, distintos e diferentes aos habituais, nalgúns casos pouco comúns e noutros non esperados para o traballo deportivo.	10	8			X
9	Xogos tradicionais	Coñeceremos e xogaremos a distintos xogos tradicionais de Galicia. Ocupando o proxecto de centro "O noso cole é un mundo", indagaremos e invitaremos ás familias, para coñecer diferentes xogos populares dos seus países de orixe.	10	8			X
10	Xogos ao aire libre	Traballaremos con xogos de gran grupo, moverémonos pola natureza e abracaremos unha ampla variedade de xogos con vistas a que os poidan empregar no verán.	10	5			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Benvida ao curso	4

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%



Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a actividade física como alternativa de lecer saudable, identificando desprazamentos activos e sustentables e coñecendo os efectos beneficiosos desde o punto de vista físico, mental e social que supón adoptar un estilo de vida activo.	Recoñecer a actividade física como alternativa de lecer saudable.	TI	100
CA1.4 - Mostrar unha disposición positiva cara á práctica física e cara ao esforzo, xestionando as emocións que xurdan en contextos de actividade motriz.	Mostrar unha disposición positiva cara á práctica física		
CA1.5 - Desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación ao participar en prácticas motrices variadas, resolvendo os conflitos individuais e colectivos de forma dialogada e xusta e mostrando un compromiso activo fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e de violencia.	Colaborar e respectar ao resto de compañeiras e compañeiros.		
CA2.1 - Aplicar medidas de educación postural, alimentación saudable, hixiene corporal e preparación da práctica motriz, asumindo responsabilidades e xerando hábitos e rutinas en situacións cotiás.	Iniciarse no aseo e hixiene corporal tras a práctica de actividade física.		
CA2.2 - Tomar medidas de precaución e prevención de lesións en relación coa conservación e mantemento do material e cos espazos e instalacións no marco das distintas prácticas físico-deportivas, coñecendo protocolos básicos de actuación ante accidentes que se poidan producir neste contexto.	Coidar o material e os espazos.		
CA4.1 - Mostrar unha disposición positiva cara á práctica física e cara ao esforzo, xestionando as emocións que xurdan en contextos de actividade motriz.	Xestionar as emocións que xurdan en contextos de actividade motriz.		
CA4.2 - Respectar as normas consensuadas na clase, así como as regras de xogo, actuando desde os parámetros da deportividade e do xogo limpo e valorando as achegas dos participantes.	Respectar as normas de clase e as regras dos xogos.		
CA4.3 - Desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación ao participar en prácticas motrices variadas, resolvendo os conflitos individuais e colectivos de forma dialogada e xusta e mostrando un compromiso activo fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e de violencia.	Amosar boa disposición para resolver os conflitos que xorden durante a actividade.		
CA4.4 - Adquirir unha visión aberta do deporte para partir do coñecemento de distintas ligas femininas, masculinas ou mixtas, achegándose ao deporte para partir do coñecemento de distintas ligas femininas, masculinas ou mixtas; coñecendo o deporte federado e identificando e rexeitando comportamentos contrarios á convivencia, independentemente do contexto no que teñan lugar.	Coñecer diferentes tipos de deporte, ligas e formación de equipos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

## Contidos

- Saúde física:
- Efectos físicos beneficiosos dun estilo de vida activo.
- Características dos alimentos naturais, procesados e ultraprocesados.
- Hidratación na práctica da actividade física.
- Saúde social:
- A actividade física como hábito e alternativa saudable fronte a formas de lecer nocivas.
- Coidado e preparación do material, das instalacións e dos espazos que se vaian utilizar segundo a actividade que se pretenda desenvolver.
- Consolidación de pautas de hixiene persoal relacionadas coa actividade física.
- Prevención de accidentes nas prácticas motrices: mecanismos de prevención e control corporal para a prevención de lesións.
- Xestión emocional: recoñecemento de emocións propias, pensamentos e sentimentos a partir de experiencias motrices.
- Autonomía persoal e confianza nas propias posibilidades: autoestima.
- Habilidades sociais: escoita activa e estratexias de negociación para a resolución de conflitos en contextos motrices.
- Condutas contrarias á convivencia, discriminatorias ou sexistas en situacións motrices (discriminación por cuestións de competencia motriz, etnia, xénero ou outras): estratexias para a súa identificación e efectos negativos que traen consigo.

UD	Título da UD	Duración
2	Coñecemento do propio corpo	8

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a actividade física como alternativa de lecer saudable, identificando desprazamentos activos e sustentables e coñecendo os efectos beneficiosos desde o punto de vista físico, mental e social que supón adoptar un estilo de vida activo.	Recoñecer a actividade física como alternativa de lecer	TI	100
CA1.3 - Recoñecer a propia imaxe corporal e a dos demais, aceptando e respectando as características individuais, superando e rexeitando as condutas discriminatorias que se poidan producir en contextos de práctica motriz.	Recoñecer e respectar a propia imaxe corporal e a dos demais		
CA1.4 - Mostrar unha disposición positiva cara á práctica física e cara ao esforzo, xestionando as emocións que xurdan en contextos de actividade motriz.	Mostrar unha disposición positiva cara á práctica física		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.5 - Desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación ao participar en prácticas motrices variadas, resolvendo os conflitos individuais e colectivos de forma dialogada e xusta e mostrando un compromiso activo fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e de violencia.	Colaborar e respectar ao resto de compañeiras e compañeiros.		
CA2.1 - Aplicar medidas de educación postural, alimentación saudable, hixiene corporal e preparación da práctica motriz, asumindo responsabilidades e xerando hábitos e rutinas en situacións cotiás.	Iniciarse no aseo e hixiene corporal tras a práctica de actividade física		
CA3.1 - Realizar proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo empregando estratexias básicas de monitoraxe e seguimento que permitan analizar os resultados obtidos.	Realizar proxectos motores valorando a súa mellora		
CA4.1 - Mostrar unha disposición positiva cara á práctica física e cara ao esforzo, xestionando as emocións que xurdan en contextos de actividade motriz.	Xestionar as emocións que corden durante a práctica de actividade motriz		
CA4.2 - Respectar as normas consensuadas na clase, así como as regras de xogo, actuando desde os parámetros da deportividade e do xogo limpo e valorando as achegas dos participantes.	Respectar as normas de clase e as regras dos xogos		
CA4.3 - Desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación ao participar en prácticas motrices variadas, resolvendo os conflitos individuais e colectivos de forma dialogada e xusta e mostrando un compromiso activo fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e de violencia.	Amosar boa disposición para resolver os conflitos que xorden durante a actividade.		
CA4.4 - Adquirir unha visión aberta do deporte para partir do coñecemento de distintas ligas femininas, masculinas ou mixtas, achegándose ao deporte para partir do coñecemento de distintas ligas femininas, masculinas ou mixtas; coñecendo o deporte federado e identificando e rexeitando comportamentos contrarios á convivencia, independentemente do contexto no que teñan lugar.	Coñecer diferentes tipos de deporte, ligas e formación de equipos.		
CA5.1 - Empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade en distintos contextos e situacións motrices, adquirindo un progresivo control e dominio corporal sobre eles.	Mellorar o dominio corporal en distintas situacións motrices		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Saúde física:</li> <li>- Efectos físicos beneficiosos dun estilo de vida activo.</li> <li>- Factores básicos que inciden no coidado do corpo.</li> </ul>

## Contidos

- Saúde social:
- Aceptación de distintas tipoloxías corporais para practicar, en igualdade, diversidade de actividades físico-deportivas.
- Saúde mental:
- Efectos psicolóxicos beneficiosos dun estilo de vida activo.
- Respecto e aceptación do propio corpo.
- Coidado e preparación do material, das instalacións e dos espazos que se vaian utilizar segundo a actividade que se pretenda desenvolver.
- Consolidación de pautas de hixiene persoal relacionadas coa actividade física.
- Esquema corporal:
- Control tónico-postural e independencia segmentaria en situacións motrices.
- Conciencia e control do ritmo respiratorio en diferentes actividades. Conciencia dos diferentes tipos de respiración.
- Definición da lateralidade.
- Equilibrio estático e dinámico en situacións a diversas alturas e sobre superficies estables e inestables.
- Coordinación dinámica xeral e segmentaria.
- Autonomía persoal e confianza nas propias posibilidades: autoestima.
- Habilidades sociais: escoita activa e estratexias de negociación para a resolución de conflitos en contextos motrices.
- Condutas contrarias á convivencia, discriminatorias ou sexistas en situacións motrices (discriminación por cuestións de competencia motriz, etnia, xénero ou outras): estratexias para a súa identificación e efectos negativos que traen consigo.
- Usos comunicativos da corporalidade: comunicación de sensacións, sentimentos, emocións e ideas simples.

UD	Título da UD	Duración
3	percepción espazo-temporal	8

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a actividade física como alternativa de lecer saudable, identificando desprazamentos activos e sustentables e coñecendo os efectos beneficiosos desde o punto de vista físico, mental e social que supón adoptar un estilo de vida activo.	Recoñecer a actividade física como alternativa de lecer saudable	TI	100
CA1.4 - Mostrar unha disposición positiva cara á práctica física e cara ao esforzo, xestionando as emocións que xurdan en contextos de actividade motriz.	Mostrar unha disposición positiva cara á práctica física		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación ao participar en prácticas motrices variadas, resolvendo os conflitos individuais e colectivos de forma dialogada e xusta e mostrando un compromiso activo fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e de violencia.	Colaborar e respectar ao resto de compañeiras e compañeiros.		
CA2.1 - Aplicar medidas de educación postural, alimentación saudable, hixiene corporal e preparación da práctica motriz, asumindo responsabilidades e xerando hábitos e rutinas en situacións cotiás.	Iniciarse no aseo e hixiene corporal tras a práctica de actividade física		
CA3.2 - Adoptar decisións en situacións lúdicas, xogos e actividades deportivas, axustándose ás demandas derivadas dos obxectivos motores, das características do grupo e da lóxica interna de situacións individuais, de cooperación e de oposición, en contextos simulados de actuación.	Responder axeitadamente a distintas situacións motrices.		
CA4.1 - Mostrar unha disposición positiva cara á práctica física e cara ao esforzo, xestionando as emocións que xurdan en contextos de actividade motriz.	Mostrar unha disposición positiva cara á práctica física		
CA4.2 - Respectar as normas consensuadas na clase, así como as regras de xogo, actuando desde os parámetros da deportividade e do xogo limpo e valorando as achegas dos participantes.	Xestionar as emocións que corden durante a práctica de actividade motriz		
CA4.3 - Desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación ao participar en prácticas motrices variadas, resolvendo os conflitos individuais e colectivos de forma dialogada e xusta e mostrando un compromiso activo fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e de violencia.	Amosar boa disposición para resolver os conflitos que xorden durante a actividade.		
CA4.4 - Adquirir unha visión aberta do deporte para partir do coñecemento de distintas ligas femininas, masculinas ou mixtas, achegándose ao deporte para partir do coñecemento de distintas ligas femininas, masculinas ou mixtas; coñecendo o deporte federado e identificando e rexeitando comportamentos contrarios á convivencia, independentemente do contexto no que teñan lugar.	Coñecer diferentes tipos de deporte, ligas e formación de equipos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Saúde mental:</li> <li>- Autoconecemento e identificación de fortalezas e debilidades ou posibilidades e limitacións en todos os ámbitos (social, físico e mental).</li> <li>- Coidado e preparación do material, das instalacións e dos espazos que se vaian utilizar segundo a actividade que se pretenda desenvolver.</li> <li>- Consolidación de pautas de hixiene persoal relacionadas coa actividade física.</li> </ul>

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Toma de decisións:</li> <li>- Localización no espazo en situacións cooperativas.</li> <li>- Posicionamento no espazo e recolocación tras cada acción en situacións motrices de persecución e de interacción cun móbil.</li> <li>- Autonomía persoal e confianza nas propias posibilidades: autoestima.</li> <li>- Habilidades sociais: escoita activa e estratexias de negociación para a resolución de conflitos en contextos motrices.</li> <li>- Condutas contrarias á convivencia, discriminatorias ou sexistas en situacións motrices (discriminación por cuestións de competencia motriz, etnia, xénero ou outras): estratexias para a súa identificación e efectos negativos que traen consigo.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
4	Acrosport	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a actividade física como alternativa de lecer saudable, identificando desprazamentos activos e sustentables e coñecendo os efectos beneficiosos desde o punto de vista físico, mental e social que supón adoptar un estilo de vida activo.	Recoñecer a actividade física como alternativa de lecer saudable	TI	100
CA1.2 - Aplicar medidas de educación postural, alimentación saudable, hixiene corporal e preparación da práctica motriz, asumindo responsabilidades e xerando hábitos e rutinas en situacións cotiás.	Iniciarse no aseo e hixiene corporal tras a práctica de actividade física		
CA1.4 - Mostrar unha disposición positiva cara á práctica física e cara ao esforzo, xestionando as emocións que xurdan en contextos de actividade motriz.	Mostrar unha disposición positiva cara á práctica física		
CA1.5 - Desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación ao participar en prácticas motrices variadas, resolvendo os conflitos individuais e colectivos de forma dialogada e xusta e mostrando un compromiso activo fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e de violencia.	Colaborar e respectar ao resto de compañeiras e compañeiros		
CA2.1 - Aplicar medidas de educación postural, alimentación saudable, hixiene corporal e preparación da práctica motriz, asumindo responsabilidades e xerando hábitos e rutinas en situacións cotiás.	Realizar o quentamento antes da práctica e estiramento muscular ao rematar		
CA4.1 - Mostrar unha disposición positiva cara á práctica física e cara ao esforzo, xestionando as emocións que xorden durante a práctica de actividade motriz.	Xestionar as emocións que xorden durante a práctica de actividade motriz		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA4.2 - Respetar as normas consensuadas na clase, así como as regras de xogo, actuando desde os parámetros da deportividade e do xogo limpo e valorando as achegas dos participantes.	Respetar as normas de clase e as regras dos xogos		
CA4.3 - Desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación ao participar en prácticas motrices variadas, resolvendo os conflitos individuais e colectivos de forma dialogada e xusta e mostrando un compromiso activo fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e de violencia.	Amosar boa disposición para resolver os conflitos que xorden durante a actividade.		
CA4.4 - Adquirir unha visión aberta do deporte para partir do coñecemento de distintas ligas femininas, masculinas ou mixtas, achegándose ao deporte para partir do coñecemento de distintas ligas femininas, masculinas ou mixtas; coñecendo o deporte federado e identificando e rexeitando comportamentos contrarios á convivencia, independentemente do contexto no que teñan lugar.	Coñecer diferentes tipos de deporte, ligas e formación de equipos.		
CA4.5 - Reproducir distintas combinacións de movementos ou coreografías individuais e grupais con intención comunicativa e que transmitan sentimentos, emocións ou ideas a través do corpo, empregando os distintos recursos expresivos e rítmicos da corporalidade.	Reproducir distintas combinacións de movementos e figuras de Acrosport		
CA5.3 - Reproducir distintas combinacións de movementos ou coreografías individuais e grupais con intención comunicativa e que transmitan sentimentos, emocións ou ideas a través do corpo, empregando os distintos recursos expresivos e rítmicos da corporalidade.	Empregar os recursos expresivos do corpo nunha actividade estética.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Saúde física:</li> <li>- Educación postural en accións motrices habituais.</li> <li>- Factores básicos que inciden no coidado do corpo.</li> <li>- Saúde social:</li> <li>- Aceptación de distintas tipoloxías corporais para practicar, en igualdade, diversidade de actividades físico-deportivas.</li> <li>- Saúde mental:</li> <li>- Respecto e aceptación do propio corpo.</li> <li>- Autoconecemento e identificación de fortalezas e debilidades ou posibilidades e limitacións en todos os ámbitos (social, físico e mental).</li> <li>- Coidado e preparación do material, das instalacións e dos espazos que se vaian utilizar segundo a actividade que se pretenda desenvolver.</li> </ul>

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Consolidación de pautas de hixiene persoal relacionadas coa actividade física.</li> <li>- Xestión emocional: recoñecemento de emocións propias, pensamentos e sentimentos a partir de experiencias motrices.</li> <li>- Autonomía persoal e confianza nas propias posibilidades: autoestima.</li> <li>- Habilidades sociais: escoita activa e estratexias de negociación para a resolución de conflitos en contextos motrices.</li> <li>- Condutas contrarias á convivencia, discriminatorias ou sexistas en situacións motrices (discriminación por cuestións de competencia motriz, etnia, xénero ou outras): estratexias para a súa identificación e efectos negativos que traen consigo.</li> <li>- Práctica de actividades rítmico-musicais con carácter expresivo.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
5	Habilidades Motrices Básicas 1	8

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Recoñecer a actividade física como alternativa de lecer saudable, identificando desprazamentos activos e sustentables e coñecendo os efectos beneficiosos desde o punto de vista físico, mental e social que supón adoptar un estilo de vida activo.	Recoñecer a actividade física como alternativa de lecer saudable	TI	100
CA1.2 - Aplicar medidas de educación postural, alimentación saudable, hixiene corporal e preparación da práctica motriz, asumindo responsabilidades e xerando hábitos e rutinas en situacións cotiás.	Iniciarse no aseo e hixiene corporal tras a práctica de actividade física		
CA1.4 - Mostrar unha disposición positiva cara á práctica física e cara ao esforzo, xestionando as emocións que xurdan en contextos de actividade motriz.	Mostrar unha disposición positiva cara á práctica física		
CA1.5 - Desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación ao participar en prácticas motrices variadas, resolvendo os conflitos individuais e colectivos de forma dialogada e xusta e mostrando un compromiso activo fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e de violencia.	Colaborar e respectar ao resto de compañeiras e compañeiros.		
CA2.3 - Realizar proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo empregando estratexias básicas de monitoraxe e seguimento que permitan analizar os resultados obtidos.	Realizar proxectos motores valorando a súa mellora		



Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Adoptar decisións en situacións lúdicas, xogos e actividades deportivas, axustándose ás demandas derivadas dos obxectivos motores, das características do grupo e da lóxica interna de situacións individuais, de cooperación e de oposición e de colaboración-oposición, en contextos simulados de actuación.	Responder axeitadamente a distintas situacións motrices.		
CA3.1 - Realizar proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo empregando estratexias básicas de monitoraxe e seguimento que permitan analizar os resultados obtidos.	Participar en actividades cooperativas e colaborativas		
CA3.3 - Empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade en distintos contextos e situacións motrices, adquirindo un progresivo control e dominio corporal sobre eles.	Responder axeitadamente a distintas situacións motrices.		
CA4.2 - Respetar as normas consensuadas na clase, así como as regras de xogo, actuando desde os parámetros da deportividade e do xogo limpo e valorando as achegas dos participantes.	Respetar as normas de clase e as regras dos xogos		
CA4.3 - Desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación ao participar en prácticas motrices variadas, resolvendo os conflitos individuais e colectivos de forma dialogada e xusta e mostrando un compromiso activo fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e de violencia.	Amosar boa disposición para resolver os conflitos que xorden durante a actividade.		
CA6.1 - Recoñecer a actividade física como alternativa de lecer saudable, identificando desprazamentos activos e sustentables e coñecendo os efectos beneficiosos desde o punto de vista físico, mental e social que supón adoptar un estilo de vida activo.	Valorar os beneficios da actividade física		
CA6.3 - Empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade en distintos contextos e situacións motrices, adquirindo un progresivo control e dominio corporal sobre eles.	Mellorar no dominio e control corporal		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Saúde física:</li> <li>- Hidratación na práctica da actividade física.</li> <li>- Saúde social:</li> <li>- A actividade física como hábito e alternativa saudable fronte a formas de lecer nocivas.</li> <li>- Límites para evitar unha competitividade desmedida.</li> <li>- Aceptación de distintas tipoloxías corporais para practicar, en igualdade, diversidade de actividades físico-deportivas.</li> <li>- Coidado e preparación do material, das instalacións e dos espazos que se vaian utilizar segundo a actividade que se pretenda desenvolver.</li> </ul>

## Contidos

- Consolidación de pautas de hixiene persoal relacionadas coa actividade física.
- Planificación e autorregulación de proxectos motores: mecanismos básicos para executar o planificado.
- Toma de decisións:
- Distribución racional do esforzo en situacións motrices individuais.
- Localización no espazo en situacións cooperativas.
- Posicionamento no espazo e recolocación tras cada acción en situacións motrices de persecución e de interacción cun móbil.
- Anticipación ás decisións ofensivas do adversario en situacións de oposición de contacto.
- Pase a compañeiros desmarcados ou en situación vantaxosa en situacións motrices de colaboración-oposición, de persecución e de interacción cun móbil.
- Esquema corporal:
- Habilidades e destrezas motrices básicas: locomotrices, non locomotrices e manipulativas.
- Creatividade motriz: variación e adecuación da acción motriz ante estímulos internos e externos.
- Autonomía persoal e confianza nas propias posibilidades: autoestima.
- Habilidades sociais: escoita activa e estratexias de negociación para a resolución de conflitos en contextos motrices.
- Condutas contrarias á convivencia, discriminatorias ou sexistas en situacións motrices (discriminación por cuestións de competencia motriz, etnia, xénero ou outras): estratexias para a súa identificación e efectos negativos que traen consigo.
- Espazos naturais no contexto urbano: uso, gozo e mantemento.

UD	Título da UD	Duración
6	Habilidades Motrices Básicas 2	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a actividade física como alternativa de lecer saudable, identificando desprazamentos activos e sustentables e coñecendo os efectos beneficiosos desde o punto de vista físico, mental e social que supón adoptar un estilo de vida activo.	Recoñecer a actividade física como alternativa de lecer saudable	TI	100
CA1.4 - Mostrar unha disposición positiva cara á práctica física e cara ao esforzo, xestionando as emocións que xurdan en contextos de actividade motriz.	Mostrar unha disposición positiva cara á práctica física		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación ao participar en prácticas motrices variadas, resolvendo os conflitos individuais e colectivos de forma dialogada e xusta e mostrando un compromiso activo fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e de violencia.	Colaborar e respectar ao resto de compañeiras e compañeiros.		
CA2.4 - Adoptar decisións en situacións lúdicas, xogos e actividades deportivas, axustándose ás demandas derivadas dos obxectivos motores, das características do grupo e da lóxica interna de situacións individuais, de cooperación e de oposición e de colaboración-oposición, en contextos simulados de actuación.	Responder axeitadamente a distintas situacións motrices.		
CA3.3 - Empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade en distintos contextos e situacións motrices, adquirindo un progresivo control e dominio corporal sobre eles.	Mellorar no control e dominio corporal.		
CA4.2 - Respectar as normas consensuadas na clase, así como as regras de xogo, actuando desde os parámetros da deportividade e do xogo limpo e valorando as achegas dos participantes.	Respectar as normas de clase e as regras dos xogos		
CA4.3 - Desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación ao participar en prácticas motrices variadas, resolvendo os conflitos individuais e colectivos de forma dialogada e xusta e mostrando un compromiso activo fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e de violencia.	Amosar boa disposición para resolver os conflitos que xorden durante a actividade.		
CA6.1 - Recoñecer a actividade física como alternativa de lecer saudable, identificando desprazamentos activos e sustentables e coñecendo os efectos beneficiosos desde o punto de vista físico, mental e social que supón adoptar un estilo de vida activo.	Recoñecer os efectos beneficiosos das actividades físicas		
CA6.3 - Empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade en distintos contextos e situacións motrices, adquirindo un progresivo control e dominio corporal sobre eles.	Empregar os diferentes compoñentes motrices axeitadamente		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Saúde física:</li> <li>- Hidratación na práctica da actividade física.</li> <li>- Saúde social:</li> <li>- A actividade física como hábito e alternativa saudable fronte a formas de lecer nocivas.</li> <li>- Límites para evitar unha competitividade desmedida.</li> </ul>

## Contidos

- Aceptación de distintas tipoloxías corporais para practicar, en igualdade, diversidade de actividades físico-deportivas.
- Coidado e preparación do material, das instalacións e dos espazos que se vaian utilizar segundo a actividade que se pretenda desenvolver.
- Consolidación de pautas de hixiene persoal relacionadas coa actividade física.
- Planificación e autorregulación de proxectos motores: mecanismos básicos para executar o planificado.
- Toma de decisións:
  - Distribución racional do esforzo en situacións motrices individuais.
  - Anticipación ás decisións ofensivas do adversario en situacións de oposición de contacto.
- Pase a compañeiros desmarcados ou en situación vantaxosa en situacións motrices de colaboración-oposición, de persecución e de interacción cun móbil.
- Esquema corporal:
  - Habilidades e destrezas motrices básicas: locomotrices, non locomotrices e manipulativas.
  - Creatividade motriz: variación e adecuación da acción motriz ante estímulos internos e externos.
- Autonomía persoal e confianza nas propias posibilidades: autoestima.
- Habilidades sociais: escoita activa e estratexias de negociación para a resolución de conflitos en contextos motrices.
- Condutas contrarias á convivencia, discriminatorias ou sexistas en situacións motrices (discriminación por cuestións de competencia motriz, etnia, xénero ou outras): estratexias para a súa identificación e efectos negativos que traen consigo.
- Espazos naturais no contexto urbano: uso, gozo e mantemento.

UD	Título da UD	Duración
7	Danzas do mundo	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a actividade física como alternativa de lecer saudable, identificando desprazamentos activos e sustentables e coñecendo os efectos beneficiosos desde o punto de vista físico, mental e social que supón adoptar un estilo de vida activo.	Recoñecer a actividade física como alternativa de lecer saudable	TI	100
CA1.3 - Recoñecer a propia imaxe corporal e a dos demais, aceptando e respectando as características individuais, superando e rexeitando as condutas discriminatorias que se poidan producir en contextos de práctica motriz.	Recoñecer e respectar a propia imaxe corporal e a dos demais		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.4 - Mostrar unha disposición positiva cara á práctica física e cara ao esforzo, xestionando as emocións que xurdan en contextos de actividade motriz.	Mostrar unha disposición positiva cara á práctica física		
CA1.5 - Desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación ao participar en prácticas motrices variadas, resolvendo os conflitos individuais e colectivos de forma dialogada e xusta e mostrando un compromiso activo fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e de violencia.	Colaborar e respectar ao resto de compañeiras e compañeiros.		
CA3.4 - Reproducir distintas combinacións de movementos ou coreografías individuais e grupais con intención comunicativa e que transmitan sentimentos, emocións ou ideas a través do corpo, empregando os distintos recursos expresivos e rítmicos da corporalidade.	Elaborar danzas sinxelas		
CA4.2 - Respectar as normas consensuadas na clase, así como as regras de xogo, actuando desde os parámetros da deportividade e do xogo limpo e valorando as achegas dos participantes.	Respectar as normas de clase e as regras dos xogos		
CA4.3 - Desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación ao participar en prácticas motrices variadas, resolvendo os conflitos individuais e colectivos de forma dialogada e xusta e mostrando un compromiso activo fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e de violencia.	Amosar boa disposición para resolver os conflitos que xorden durante a actividade.		
CA4.5 - Reproducir distintas combinacións de movementos ou coreografías individuais e grupais con intención comunicativa e que transmitan sentimentos, emocións ou ideas a través do corpo, empregando os distintos recursos expresivos e rítmicos da corporalidade.	Empregar os recursos expresivos do corpo nunha actividade estética		
CA5.2 - Participar activamente en xogos motores e noutras manifestacións artístico-expresivas con arraigamento na cultura propia, tradicional ou actual, así como noutros procedentes de diversas culturas, contextualizando a súa orixe, a súa aparición e a súa transmisión ao longo do tempo e valorando a súa importancia, repercusión e influencia nas sociedades pasadas e presentes.	Participar activamente nas danzas doutras culturas		
CA5.3 - Reproducir distintas combinacións de movementos ou coreografías individuais e grupais con intención comunicativa e que transmitan sentimentos, emocións ou ideas a través do corpo, empregando os distintos recursos expresivos e rítmicos da corporalidade.	Participar en pequenas coreografías		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
- Saúde social:

### Contidos

- Aceptación de distintas tipoloxías corporais para practicar, en igualdade, diversidade de actividades físico-deportivas.
- Toma de decisións:
- Localización no espazo en situacións cooperativas.
- Esquema corporal:
- Definición da lateralidade.
- Xestión emocional: recoñecemento de emocións propias, pensamentos e sentimentos a partir de experiencias motrices.
- Autonomía persoal e confianza nas propias posibilidades: autoestima.
- Habilidades sociais: escoita activa e estratexias de negociación para a resolución de conflitos en contextos motrices.
- Condutas contrarias á convivencia, discriminatorias ou sexistas en situacións motrices (discriminación por cuestións de competencia motriz, etnia, xénero ou outras): estratexias para a súa identificación e efectos negativos que traen consigo.
- Achegas da cultura motriz á herdanza cultural. Os xogos e as danzas do mundo como manifestación da interculturalidade.
- Usos comunicativos da corporalidade: comunicación de sensacións, sentimentos, emocións e ideas simples.
- Práctica de actividades rítmico-musicais con carácter expresivo.

UD	Título da UD	Duración
8	Xogos con material de refugallo e alternativos.	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a actividade física como alternativa de lecer saudable, identificando desprazamentos activos e sustentables e coñecendo os efectos beneficiosos desde o punto de vista físico, mental e social que supón adoptar un estilo de vida activo.	Recoñecer a actividade física como alternativa de lecer saudable	TI	100
CA1.4 - Mostrar unha disposición positiva cara á práctica física e cara ao esforzo, xestionando as emocións que xurdan en contextos de actividade motriz.	Mostrar unha disposición positiva cara á práctica física		
CA1.5 - Desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación ao participar en prácticas motrices variadas, resolvendo os conflitos individuais e colectivos de forma dialogada e xusta e mostrando un compromiso activo fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e de violencia.	Colaborar e respectar ao resto de compañeiras e compañeiros.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Adoptar decisións en situacións lúdicas, xogos e actividades deportivas, axustándose ás demandas derivadas dos obxectivos motores, das características do grupo e da lóxica interna de situacións individuais, de cooperación e de oposición e de colaboración-oposición, en contextos simulados de actuación.	Responder axeitadamente a distintas situacións motrices.		
CA3.3 - Empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade en distintos contextos e situacións motrices, adquirindo un progresivo control e dominio corporal sobre eles.	Empregar compoñentes da motricidade para dar respostas axeitadas		
CA4.2 - Respetar as normas consensuadas na clase, así como as regras de xogo, actuando desde os parámetros da deportividade e do xogo limpo e valorando as achegas dos participantes.	Respetar as normas de clase e as regras dos xogos		
CA4.3 - Desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación ao participar en prácticas motrices variadas, resolvendo os conflitos individuais e colectivos de forma dialogada e xusta e mostrando un compromiso activo fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e de violencia.	Amosar boa disposición para resolver os conflitos que xorden durante a actividade.		
CA6.3 - Empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade en distintos contextos e situacións motrices, adquirindo un progresivo control e dominio corporal sobre eles.	Mellorar no control e dominio corporal.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Saúde mental:</li> <li>- Efectos psicolóxicos beneficiosos dun estilo de vida activo.</li> <li>- Coidado e preparación do material, das instalacións e dos espazos que se vaian utilizar segundo a actividade que se pretenda desenvolver.</li> <li>- Consolidación de pautas de hixiene persoal relacionadas coa actividade física.</li> <li>- Planificación e autorregulación de proxectos motores: mecanismos básicos para executar o planificado.</li> <li>- Creatividade motriz: variación e adecuación da acción motriz ante estímulos internos e externos.</li> <li>- Autonomía persoal e confianza nas propias posibilidades: autoestima.</li> <li>- Habilidades sociais: escoita activa e estratexias de negociación para a resolución de conflitos en contextos motrices.</li> <li>- Condutas contrarias á convivencia, discriminatorias ou sexistas en situacións motrices (discriminación por cuestións de competencia motriz, etnia, xénero ou outras): estratexias para a súa identificación e efectos negativos que traen consigo.</li> <li>- Espazos naturais no contexto urbano: uso, gozo e mantemento.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
9	Xogos tradicionais	8

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a actividade física como alternativa de lecer saudable, identificando desprazamentos activos e sustentables e coñecendo os efectos beneficiosos desde o punto de vista físico, mental e social que supón adoptar un estilo de vida activo.	Recoñecer a actividade física como alternativa de lecer	TI	100
CA1.4 - Mostrar unha disposición positiva cara á práctica física e cara ao esforzo, xestionando as emocións que xurdan en contextos de actividade motriz.	Mostrar unha disposición positiva cara á práctica física		
CA1.5 - Desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación ao participar en prácticas motrices variadas, resolvendo os conflitos individuais e colectivos de forma dialogada e xusta e mostrando un compromiso activo fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e de violencia.	Colaborar e respectar ao resto de compañeiras e compañeiros.		
CA3.3 - Empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade en distintos contextos e situacións motrices, adquirindo un progresivo control e dominio corporal sobre eles.	Mellorar no control e dominio corporal.		
CA4.2 - Respectar as normas consensuadas na clase, así como as regras de xogo, actuando desde os parámetros da deportividade e do xogo limpo e valorando as achegas dos participantes.	Respectar as normas de clase e as regras dos xogos		
CA4.3 - Desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación ao participar en prácticas motrices variadas, resolvendo os conflitos individuais e colectivos de forma dialogada e xusta e mostrando un compromiso activo fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e de violencia.	Amosar boa disposición para resolver os conflitos que xorden durante a actividade.		
CA4.4 - Adquirir unha visión aberta do deporte para partir do coñecemento de distintas ligas femininas, masculinas ou mixtas, achegándose ao deporte para partir do coñecemento de distintas ligas femininas, masculinas ou mixtas; coñecendo o deporte federado e identificando e rexeitando comportamentos contrarios á convivencia, independentemente do contexto no que teñan lugar.	Coñecer diferentes tipos de deporte, ligas e formación de equipos.		
CA5.1 - Empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade en distintos contextos e situacións motrices, adquirindo un progresivo control e dominio corporal sobre eles.	Empregar distintos compoñentes da motricidade para dar resposta axeitada ás situacións que se presentan.		



<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA5.2 - Participar activamente en xogos motores e noutras manifestacións artístico-expresivas con arraigamento na cultura propia, tradicional ou actual, así como noutros procedentes de diversas culturas, contextualizando a súa orixe, a súa aparición e a súa transmisión ao longo do tempo e valorando a súa importancia, repercusión e influencia nas sociedades pasadas e presentes.	Participar activamente en xogos populares galegas e doutras culturas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Saúde física:</li> <li>- Efectos físicos beneficiosos dun estilo de vida activo.</li> <li>- Saúde social:</li> <li>- A actividade física como hábito e alternativa saudable fronte a formas de lecer nocivas.</li> <li>- Toma de decisións:</li> <li>- Anticipación ás decisións ofensivas do adversario en situacións de oposición de contacto.</li> <li>- Pase a compañeiros desmarcados ou en situación vantaxosa en situacións motrices de colaboración-oposición, de persecución e de interacción cun móbil.</li> <li>- Creatividade motriz: variación e adecuación da acción motriz ante estímulos internos e externos.</li> <li>- Autonomía persoal e confianza nas propias posibilidades: autoestima.</li> <li>- Habilidades sociais: escoita activa e estratexias de negociación para a resolución de conflitos en contextos motrices.</li> <li>- Condutas contrarias á convivencia, discriminatorias ou sexistas en situacións motrices (discriminación por cuestións de competencia motriz, etnia, xénero ou outras): estratexias para a súa identificación e efectos negativos que traen consigo.</li> <li>- Achegas da cultura motriz á herdanza cultural. Os xogos e as danzas do mundo como manifestación da interculturalidade.</li> <li>- Coñecemento e práctica de bailes e xogos populares, tradicionais e autóctonos de Galicia.</li> <li>- Usos comunicativos da corporalidade: comunicación de sensacións, sentimentos, emocións e ideas simples.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
10	Xogos ao aire libre	5

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a actividade física como alternativa de lecer saudable, identificando desprazamentos activos e sustentables e coñecendo os efectos beneficiosos desde o punto de vista físico, mental e social que supón adoptar un estilo de vida activo.	Recoñecer a actividade física como alternativa de lecer	TI	100
CA1.4 - Mostrar unha disposición positiva cara á práctica física e cara ao esforzo, xestionando as emocións que xurdan en contextos de actividade motriz.	Mostrar unha disposición positiva cara á práctica física		
CA1.5 - Desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación ao participar en prácticas motrices variadas, resolvendo os conflitos individuais e colectivos de forma dialogada e xusta e mostrando un compromiso activo fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e de violencia.	Colaborar e respectar ao resto de compañeiras e compañeiros.		
CA2.4 - Adoptar decisións en situacións lúdicas, xogos e actividades deportivas, axustándose ás demandas derivadas dos obxectivos motores, das características do grupo e da lóxica interna de situacións individuais, de cooperación e de oposición e de colaboración-oposición, en contextos simulados de actuación.	Responder axeitadamente a distintas situacións motrices.		
CA2.5 - Desenvolver unha práctica motriz segura en contextos naturais e urbanos de carácter terrestre ou acuático, adecuando as accións á análise de cada situación e aplicando medidas de conservación ambiental.	Axustar a súa motricidade a un entorno natural.		
CA3.3 - Empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade en distintos contextos e situacións motrices, adquirindo un progresivo control e dominio corporal sobre eles.	Empregar distintos compoñentes da motricidade para dar resposta axeitada ás situacións que se presentan.		
CA3.5 - Desenvolver unha práctica motriz segura en contextos naturais e urbanos de carácter terrestre ou acuático, adecuando as accións á análise de cada situación e aplicando medidas de conservación ambiental.	Respectar e coidar o entorno natural.		
CA4.2 - Respectar as normas consensuadas na clase, así como as regras de xogo, actuando desde os parámetros da deportividade e do xogo limpo e valorando as achegas dos participantes.	Respectar as normas de clase e as regras dos xogos		
CA4.3 - Desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación ao participar en prácticas motrices variadas, resolvendo os conflitos individuais e colectivos de forma dialogada e xusta e mostrando un compromiso activo fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e de violencia.	Amosar boa disposición para resolver os conflitos que xorden durante a actividade.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.1 - Recoñecer a actividade física como alternativa de lecer saudable, identificando desprazamentos activos e sustentables e coñecendo os efectos beneficiosos desde o punto de vista físico, mental e social que supón adoptar un estilo de vida activo.	Valorar os beneficios do xogo e a actividade física.		
CA6.2 - Tomar medidas de precaución e prevención de lesións en relación coa conservación e co mantemento do material no marco das distintas prácticas físico-deportivas, coñecendo protocolos básicos de actuación ante accidentes que se poidan producir neste contexto.	Coidar o espazo e o material empregado.		
CA6.4 - Desenvolver unha práctica motriz segura en contextos naturais e urbanos, adecuando as accións á análise de cada situación e aplicando medidas de conservación ambiental.	Valorar e gozar da práctica de actividades físicas e xogos no medio natural.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Saúde física:</li> <li>- Hidratación na práctica da actividade física.</li> <li>- Saúde social:</li> <li>- A actividade física como hábito e alternativa saudable fronte a formas de lecer nocivas.</li> <li>- Aceptación de distintas tipoloxías corporais para practicar, en igualdade, diversidade de actividades físico-deportivas.</li> <li>- Coidado e preparación do material, das instalacións e dos espazos que se vaian utilizar segundo a actividade que se pretenda desenvolver.</li> <li>- Consolidación de pautas de hixiene persoal relacionadas coa actividade física.</li> <li>- Planificación e autorregulación de proxectos motores: mecanismos básicos para executar o planificado.</li> <li>- Toma de decisións:</li> <li>- Distribución racional do esforzo en situacións motrices individuais.</li> <li>- Anticipación ás decisións ofensivas do adversario en situacións de oposición de contacto.</li> <li>- Pase a compañeiros desmarcados ou en situación vantaxosa en situacións motrices de colaboración-oposición, de persecución e de interacción cun móbil.</li> <li>- Creatividade motriz: variación e adecuación da acción motriz ante estímulos internos e externos.</li> <li>- Autonomía persoal e confianza nas propias posibilidades: autoestima.</li> <li>- Habilidades sociais: escoita activa e estratexias de negociación para a resolución de conflitos en contextos motrices.</li> <li>- Condutas contrarias á convivencia, discriminatorias ou sexistas en situacións motrices (discriminación por cuestións de competencia motriz, etnia, xénero ou outras): estratexias para a súa identificación e efectos negativos que traen consigo.</li> <li>- Normas de uso: educación viaria. Uso de medios de desprazamento con rodas. Mobilidade segura, saudable e</li> </ul>

## Contidos

- sustentable.
- Espazos naturais no contexto urbano: uso, gozo e mantemento.
- Material para actividades no medio natural e urbano: valoración previa e actuación ante posibles danos.
- Prevención e sensibilización sobre a xeración de residuos, fomentando a construción e a reutilización de materiais para a práctica motriz.
- Realización de actividades físicas no medio natural e urbano.
- Coidado e conservación da contorna durante a práctica de actividade física no medio natural e urbano.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

En xeral será unha metodoloxía activa, participativa e cooperativa. Creativa evitando estereotipos. Será tamén lúdica e integradora, é dicir, o xogo estará presente en tódalas unidades considerándoo un recurso metodolóxico moi axeitado para a consecución de calquera obxectivo, á vez que fomenta a espontaneidade e a creatividade. A Educación física terá un carácter eminentemente global e lúdico, convertendo o xogo no contexto ideal para a maioría das aprendizaxes. As estruturas de aprendizaxe cooperativo posibilitarán a resolución conxunta das tarefas e dos problemas, e potenciarán a inclusión do alumnado. Para isto, as técnicas de ensino que se utilizarán serán: o descubrimento guiado, a resolución de problemas, a asignación de tarefas e a reprodución de modelos.

As pautas de actuación nunha sesión tipo están marcadas do seguinte xeito:

- Colocar o seu material (chaqueta, neceser, botella de auga) na grada que escollan.
- Situación nos puntos amarelos (formación círculo con espazo para moverse), para comezar o movemento articular.
- Desenvolvemento dun xogo de pilla como quentamento muscular.
- Desenvolvemento da parte principal da sesión
- Situación nos puntos amarelos para facer a volta á calma e o análise da sesión.
- Aseo de cara e mans para eliminar a suor, e nos cursos de 4º a 6º cambio de camiseta por outra limpa.

De xeito xeral, o alumnado poderá ir descansar ou beber á súa grada, así como ao baño ou a refrescarse ao exterior do pavillón libremente de xeito individual cando precisen, salvo nos momentos de explicación, nos que todas estaremos no círculo central..

Dende 3º de primaria, poñemos en práctica a dinámica dos "Tribunales deportivos", engadindo funcións e tarefas según van avanzando os cursos. En 3º de primaria, as dúas persoas encargadas, deben organizar unha fila en silencio para os desprazamentos pavillón-aula, desenvolver un quentamento articular guiando ao resto da clase, e escoller e explicar un xogo de quentamento muscular, así como acompañar ao alumno con NEE na súa integración neste xogo.

No caso de que algún alumno ou alumna por algún motivo non poida acudir ás clases durante un tempo, empregaremos a aula virtual do centro para ir trasmitindo actividades relacionadas co traballado na aula. De maneira continua, seguiremos coa publicación de retos con feedback mediante genially, seguindo dentro do posible as unidades didácticas establecidas nesta programación, realizando actividades/retos/xogos relacionados coas mesmas. Estas actividades están abertas para todo o alumnado, por se quixeran aproveitelas para ampliar.

### 4.2. Materiais e recursos didácticos

#### Denominación

Convencional Gran material (Porterías, canastras, redes, bancos suecos, colchonetas e colchonetas quitamedos, 1 minitramp, 1 potro e 1 plinto, etc.)

Convencional Pequeno material moi variado: pelotas, balóns deportivos, raquetas de tenis e pelotas, raquetas de bádminton e plumas, indiacas, aros de distintos tamaños, panos de cores, cordas pequenas e grandes, conos redondos, discos voadores, palas, petos, sticks, picas, etc.
Non convencional: globos, pneumáticos, sacos, teas, panos,...
Xoguetes de refugallo creados a base de material de reciclaxe (manazas de oveiras, pelotas de xornal, fumbol de cartóns de leite, botenis de botellas...)
Pelotas fitball
Aparello de música
Fichas explicativas para levar a cabo de maneira autónoma diferentes estacións, ou para seguir os estiramientos musculares por exemplo.
Aula virtual onde se irá colgando material de cada unha das unidades didácticas
Instalacións: patio exterior, Pavillón, patio cuberto, aula de psicomotricidade,...

A importancia do material, os recursos e estímulos aplicados como xogo na Actividade Física son fundamentais xa que permiten realizar experiencias múltiples, mediante os cales se vai acadando a comprensión concreta e precisa dos obxectivos nas metas propostas, así como tamén o proporcionar a capacidade de poder crear, relacionar, e transformar o que se quere alcanzar en coñecemento, cun ambiente cheo de emocións, sensacións e experiencias propias do ser humano mediante actividades lúdicas.

Temos moita cantidade de material variado e de todo tipo en bo estado, posto que foi adquirido en case a súa totalidade no curso académico 2019-2020, e posteriormente se foi renovando aquel que se iba estragando e ampliando.

\* Os xoguetes con material de refugallo vaise ampliando anualmente na unidade didáctica correspondente.

\* O material está repartido principalmente no pavillón, e algún na sala de psicomotricidade.

Seguindo o sinalado por, Bautista (2010) establece unha serie de características que deben ter os materiais en relación á función complementaria que realiza na actividade educativa, como:

- Carácter motivador: xa que, segundo a forma, textura, cor e características particulares do material, espertase o interese e curiosidade para a súa utilización.
- Carácter polivalente: os materiais poden ser utilizados como elementos en varias actividades escolares e como elementos de diferentes xogos.
- Carácter colectividade: a súa utilización pode ser individual ou colectiva.
- Carácter de accesibilidade: estar organizado e dispoñible para a libre elección dos alumnos.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Lagardera define a avaliación como un mecanismo de recollida de información que, unha vez valorada, serve para tomar determinadas decisións.

A avaliación debe ser entendida como unha práctica reflexiva que nos permita comprender mellor o que sucede no escenario educativo. Tamén nos permitirá investigar sobre a nosa propia práctica. Polo tanto, a avaliación débenos servir para acumular o maior número de información sobre un alumno e sobre todos os aspectos que determinan o proceso de aprendizaxe.

En Educación Física a avaliación posúe unha serie de peculiaridades que se deben ter en conta:

- O carácter lúdico que a actividade físico-deportiva posúe fai que os obxectivos que se platexen sexan de satisfacción persoal. Xerar actitudes positivas e duradeiras é unha meta a longo prazo, logo non debemos obsesionarnos con obxectivos inmediatos.
- A estreita relación entre motricidade e desenvolvemento evolutivo desvirtúa os éxitos conseguidos polo profesorado.
- As condicións en que se desenvolve a área: número de alumnos, tempo dispoñible, necesidade de instrumentos

ou condicións específicas e a imposibilidade de avaliar de forma masiva poden restar eficacia á avaliación. Polo tanto é necesario abordar estas condicións con criterios realistas, debemos seleccionar instrumentos que pola súa economía, facilidade de aplicación, fluidez na organización e calidade da información recollida alteren menos o ritmo de clase.

- Ten que de compaxinar as apreciacións subxectivas coas obxectivas, tanto unhas como outras poden alterar a información. Os obxectivos actitudinais poden perderse na subxectividade e a práctica exclusiva de probas obxectivas reduce o progreso do alumno fronte á norma.

- A ausencia dun contido estable definido e uniforme fai que se imparta substancialmente de forma diferente segundo as circunstancias da contorna.

Hai tres momentos significativos no proceso avaliador dentro do desenvolvemento curricular que determinan as súas funcións específicas. Son a avaliación inicial-diagnóstica, a avaliación procesual-formativa; e a avaliación final sumativa.

A avaliación inicial serve para coñecer o nivel, non exacto, pero si unha aproximación, do grupo clase con respecto a algúns contidos. A través desta avaliación inicial en educación física, non se pretende coñecer todos os aspectos que se poidan avaliar na área (se fose así poderíamos estar todo o ano avaliando), senón só aqueles que sexan máis relevante para o obxectivo educativo que cada un pretenda conseguir, e así poder realizarse unha idea rápida e global de onde pode partir.

Existe unha gran variabilidade de aspectos a avaliar en Educación Física e de distinta natureza ( expresión corporal, habilidades motrices básicas, equilibrio, coordinación, capacidades física básicas, actividades no medio natural, xogos de cooperación-oposición, respecto que lle teñen ao material, a autonomía, etc.).

Na primeira sesión de cada unidade didáctica prestarase especial atención ao nivel de partida do alumnado en canto aos contidos de dita unidade (posibilidades, necesidades, intereses, etc). Suporá unha avaliación inicial que poderá condicionar o grado de complexidade das actividades das seguintes sesións.

Tamén ao inicio do curso realizaremos unha avaliación inicial xeral para coñecer o nivel de competencia motriz dos nosos alumnos/as. Esta primeira avaliación do curso que se levara a cabo durante as sesións do mes de setembro e que nos permitirá obter un diagnóstico inicial estará composta por:

- Ficha médica de cada alumno e alumna

Circuitos e actividades que comprendan os seguintes contidos:

- Estructuración espazo-temporal: Correr por unha sucesión de aros, desprazarse en función dun ritmo marcado.
- Coordinación e equilibrio: Manter a posición sobre un só apoio un tempo determinado, alternar saltos sobre un banco (pernas abertas, pes xuntos), botar un balón.
- Habilidades básicas: Lanzamento e recepción dun balón, salto en altura e lonxitud.
- Habilidades xenéricas: conducción e botes cun balón nun recorrido establecido.
- Expresión e comunicación corporal: Axustar movementos a un ritmo dado, xogos de mímica.

A diversidade é unha realidade facilmente observable, e a súa axeitada atención é un dos alicerces básicos no que se fundamenta o sistema educativo. Cada alumno e cada alumna teñen unha ampla gama de necesidades educativas, debidas á presenza de múltiples factores persoais e sociais (xénero, idade, etapa de desenvolvemento madurativo, motivación, intereses, estilos de aprendizaxe, expectativas, procedencia socioeconómica e cultural, orixe étnica, etc.), que deben ser satisfeitas.

En consecuencia, todo centro ten que estar en condicións de:

- 1.º Adaptarse ás características individuais e sociais de cada alumno ou alumna.
- 2.º Ofrecer unha cultura común, respectando as peculiaridades de cada cultura propia.
- 3.º Adoptar unha metodoloxía que favoreza a aprendizaxe de todo o alumnado na súa diversidade.
- 4.º Partir dunha avaliación inicial do alumnado en cada núcleo de aprendizaxe que permita detectar os seus coñecementos previos, para facilitar a significatividade dos novos contidos que se deben aprender.

Como consecuencia da obrigatoriedade do ensino, xorde a escola comprensiva, que ofrece un mesmo currículo básico para todos os alumnos e todas as alumnas minimizando as súas diferenzas a través do principio de igualdade de oportunidades, co fin de compensar así as desigualdades sociais. Ademais, exponse como proporcionar unha resposta educativa axeitada a un colectivo de estudantes con necesidades de formación moi diversas, escolarizados dentro dun mesmo centro educativo e cun currículo, en parte, común.

Esta proposta trata de promover a escola comprensiva mediante as seguintes estratexias:

- 1.ª Adoitar organizacións flexibles dentro do aula, con respecto cara aos principios básicos de organización e

funcionamento dos grupos, practicando estratexias inter e intragrupoais, para potenciar o traballo con grupos heteroxéneos de alumnos e alumnas.

2.ª Realizar as adaptacións curriculares necesarias para asegurar que se poida manter unha escola na que teñan cabida todos, sexan cales sexan as súas necesidades educativas ou intereses persoais específicos.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	100	100	100	100	100	100	100	100	100	100

<b>Unidade didáctica</b>	<b>Total</b>
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>100</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	<b>100</b>

### Criterios de cualificación:

Para determinar a nota do alumnado, débense establecer uns criterios de cualificación que se relacionen directamente cos criterios de avaliación. Estes criterios permitirán identificar se o alumnado progresa adecuadamente, é dicir, se desenvolven as capacidades de diferentes ámbitos ou se necesita mellorar nalgúns aspectos.

A avaliación ideal debe estar centrada no alumnado. E isto significa que non vale a mesma avaliación para todos porque non todos aprenden da mesma forma. Algúns poden pensar que temos que facer unha avaliación para cada neno/a, pero se traballas por niveis poderemos identificar o nivel do alumnado e a partir de aí preparar a avaliación.

#### \*\*\*COMO AVALIAR AO NOSO ALUMNADO?

A avaliación será Criterial, interpretando os resultados en función do alumno/a e avaliando o seu propio progreso, é dicir, o resultado obtido do individuo comparase con outros resultados obtidos polo mesmo nas mesmas actividades ou probas.

Ao ser unha programación didáctica para 3º de primaria, empregaremos Instrumentos Cualitativos, sendo polo tanto unha avaliación baseada en técnicas de observación.

Rexistraremos o que sucede nas sesións; o progreso día a día. Este rexistro será continuo e o máis sistemático posible empregando diferentes técnicas como: escalas de observación, listas de control, rúbricas e rexistros anecdóticos.

Co fin de ser o mais ecuánime posible, faremos unha toma de medidas antropométricas (peso e altura) a inicio e fin de curso, para poder valorar e ter en conta, se fora o caso, os problemas motrices debidos a cambios físicos importantes. As listas de control farán referencia aos seguintes elementos (por exemplo):

- Participación, interese e esforzo.
- Formación de agrupacións.
- Cumprimento das normas.
- Tolerancia a gañar e perder.
- Comportamento e actitude.
- Atención nas explicacións.

- Colaboración, respecto e compañeirismo.
- Coidado e recollida do material

### \*\*\* CANDO SE AVALÍA?

- Ao inicio do proceso: Farase unha avaliación inicial a principio de curso e de cada unidade didáctica para coñecer o nivel de partida do alumnado.
- Durante o proceso: A través de técnicas de observación fundamentalmente, recolleremos datos sobre os acertos e erros. Será unha avaliación continua, que permitirá facer axustes no caso de que se precisen.
- Ao final do proceso: Esta avaliación sumativa servirá para comprobar o desenvolvemento das habilidades e capacidades desenroladas dende o punto de partida de cada alumno/a. Para iso empregaremos os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe que nos ofrecerán información sobre o grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos plantexados en cada unha das unidades didácticas.

A avaliación farase tendo en conta o progreso do alumnado dun xeito global, prestando atención á evolución ao longo do proceso e contemplando as dificultades que se produciron e o esforzo que o alumnado empregou para superalas. Os criterios de avaliación aplicaranse dun xeito flexible e aberto mirando sempre no beneficio do alumnado. A nota de cada trimestre será a correspondente a suma das porcentaxes das notas das diferentes Unidades Didácticas traballadas ao longo do trimestre. A nota de cada Unidade Didáctica obterase do seguinte xeito: Partimos dunha nota de 10 puntos, onde:

- Comportamento (actitude, atención, normas): 2 puntos
- Participación (activa ou pasiva) e interese: 1 punto
- Respecto (aos compañeiros e mestra, ao material, saber gañar e perder, formación de grupos): 1 punto
- Contidos propios de cada unidade didáctica: 6 puntos

As unidades didácticas avaliaranse con rúbricas sobre eses 6 puntos de nota máxima, e no tocante aos outros 4 puntos, todo o alumnado partirá dun 10 (4 puntos), e irá restando 0,1 por diferentes faltas en relación aos items abaixo explicados:

-6 puntos. 60% (en cada UD):

- Consecución dos obxectivos de cada unidade (tendo en conta a % de peso que ten esa UD no punto 3.1. Relación das Unidades Didácticas desta programación)

- Nivel de adquisición de habilidades motrices
- \* 10% Adquisición de conceptos traballados nas sesión e nomes do quentamento articular (oral).

- 4 puntos. 40% :

- Actitude, participación, interese e esforzo.
- Formación de agrupacións evitando todo tipo de discriminación
- Cumprimento das normas.
- Tolerancia a gañar e perder.
- Comportamento e actitude.
- Atención nas explicacións.
- Colaboración, respecto e compañeirismo.
- Coidado e recollida do material

### **Criterios de recuperación:**

A área de Educación Física non é unha área que se preste a actividades de reforzo e ou recuperación propiamente ditas. As novas unidades que vaiamos introducindo teñen contidos das anteriores, o que nos vai permitir coa observación ver se existe progreso. Co traballo diario na aula e o feedback permanente durante as clases vaise facendo un traballo de reforzo e recuperación, con adaptacións das actividades, dos grupos ou dos tempos.

Si que teremos en conta accións como a motivación, a aqueles alumnos que lles coste un pouco mais facerse coa materia, así como os agrupamentos flexibles para aqueles casos nos que exista dificultades de integración ou de confianza, buscando con medidas deste xeito, fomentas un bo hábito de traballo, propicio para desenvolver os novos aprendizaxes.

Pero, de todos os xeitos, para o alumnado que non superen o grao de consecución mínima dos CA estableceremos as seguintes premisas:



- 1.- Os criterios de avaliación plantexados de xeito progresivo quedarán superados cando na seguinte avaliación sexan acadados.
- 2.- Os criterios de avaliación plantexados de xeito non progresivo proporánselle actividades ao longo do curso nas distintas UD para que o alumnado supere ditos Criterios de Avaliación.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Esta programación foi deseñada para o alumnado de Educación Primaria. Somos conscientes que en toda a etapa predominan unhas características físicas, psicolóxicas, afectivas e sociais, que se modifican paulatinamente, e que xorden de forma natural e paralela ao desenvolvemento e crecemento de cada un dos nenos/as. Cremos que o proceso de ensino-aprendizaxe debe adaptarse ao alumnado e non ao revés, por iso intentaremos que sexa o máis individualizado posible, tendo en conta as características e o propio ritmo de aprendizaxe.

-----MEDIDAS XERAIS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE.-----

Prevense actividades de diferentes graos de dificultade para aqueles nenos/as que o precisen co fin de que logren os obxectivos propostos. Utilizarase un ensino individualizado para os nenos/as que presentan dificultades motoras, adaptando os exercicios ás súas propias posibilidades de mellora motriz.

A programación é aberta e flexible polo que en calquera momento poderán adaptarse os contidos ás necesidades do alumnado.

Algunhas outras accións que se poden levar a cabo son:

- Controlar a formación dos grupos fixándonos no alumnado que adoita ser rexeitado para a súa integración neste grupo.
- Darlle responsabilidades nos xogos e no reparto de material, no liderazgo dos grupos a nenos/as con problemas de conduta facendo fincapé na súa responsabilidade.
- Traballar a capacidade de liderazgo san e todas as alumnas e alumnos do centro.
- Integrar a nenos/os con problemas de comunicación e relación a través do xogo.

Considérase que a atención integral deste alumnado iniciárase dende o mesmo momento que se identifique e rexerese polos principios que se contemplan na lei que de modo resumido supoñen incluír a todos na actividade pero prestando unha atención máis individualizada a quen o necesite.

-----ALUMNADO CON NEAE (Necesidades Específicas de Apoio Educativo)-----

A lexislación vixente define o Alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo (NEAE) como aquel que requira, de forma temporal ou permanente, apoios ou provisións educativas diferentes ás ordinarias por presentar necesidades educativas especiais, dificultades específicas de aprendizaxe, TDAH, altas capacidades intelectuais, incorporación tardía ao sistema educativo ou por condicións persoais excepcionais. A atención a este tipo de alumnado levarase a cabo coordinando aos especialistas que imparten docencia no grupo, ás familias e ao Departamento de Orientación.

Algúns alumnos/as presentan desvantaxes ou incapacidades que lles dificultan a aprendizaxe a través dos recursos máis xerais e ordinarios dos que dispoñen os centros educativos. A complexidade radica en que cada alumno/a con NEAE ten unha dificultade particular e concreto e que todo o profesorado, incluídos nós, teremos que adaptar o currículo e a programacións ás súas necesidades e posibilidades.

Pódense contemplar distintas situacións:

- Alumnos/as con diferentes ritmos de aprendizaxe. Hai algúns nenos/as que levan un ritmo de aprendizaxe máis lento na aula pero non lles afecta á práctica de actividade física. Tamén hai algúns/algunhas que presentan distinto ritmo de aprendizaxe na nosa área polo que lles ofreceremos o reforzo educativo necesario cando o precisen.
- Alumnos/as de incorporación tardía ao sistema educativo español. Temos varios casos pero ningún deles afecta nin a lingua nin a integración no grupo.
- Alumnos/as con altas capacidades intelectuais, con necesidades continuas de ampliación e dedicación especial. Non existe ningún para esta materia.
- Alumnos/as con NEE motivadas por algunha deficiencia. Nesta aula existe algún caso diagnosticado; un deles non precisan de axuda para seguir o ritmo das sesións, e outro, con diagnóstico TEA co cal traballamos dun xeito máis directo, de maneira xeral, pretendemos que estea integrado nas actividades de aula, e en momentos concretos

traballaremos con el individualmente, axudándonos a maior parte das veces de apoios visuais.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión Lectora	X			X	X			X
ET.2 - Expresión Oral e Escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Educación emocional e en Valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Igualdade entre Homes e Mulleres.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Fomento da creatividade	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Educación Ambiental								X
ET.7 - Educación para a paz e resolución de conflitos	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Educación Para a Saúde	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Educación para o consumo responsable e desenvolvemento sustentable								X

	UD 9	UD 10
ET.1 - Comprensión Lectora		
ET.2 - Expresión Oral e Escrita	X	X
ET.3 - Educación emocional e en Valores	X	X
ET.4 - Igualdade entre Homes e Mulleres.	X	X
ET.5 - Fomento da creatividade	X	X
ET.6 - Educación Ambiental	X	X
ET.7 - Educación para a paz e resolución de conflitos	X	X
ET.8 - Educación Para a Saúde	X	
ET.9 - Educación para o consumo responsable e desenvolvemento sustentable		X

### Observacións:

A Educación Primaria, pretende proporcionar ao alumnado unha educación que lle permita afianzar o seu desenvolvemento persoal e o seu propio benestar; desenvolver as habilidades sociais, a creatividade e a afectividade; lograr que adquiran os elementos básicos da cultura, e formalo para o exercicio dos seus dereitos e das súas obrigacións na vida como cidadáns.

Desta forma, tanto en Educación Infantil como en Educación Primaria, a actuación da mestra e a relación que se establece entre ela e o alumnado reviste unha gran relevancia; por iso, os principios nos que se fundamentan os temas transversais deben inspirar en toda a actividade docente e, do mesmo xeito deben ser traballados conxuntamente coas familias para que os nenos e nenas non vivan actuacións contraditorias entre o ámbito escolar e familiar. Para conseguir o anteriormente exposto, faise necesaria a presenza dos temas transversais no currículo.

Hai que sinalar, que os temas transversais impregnan gran parte dos contidos das áreas. Son prescritivos e non aparecen no currículo como disciplinas separadas senón impregnado todo o labor educativo na que todo o profesorado de todos os niveis e etapas educativos está involucrado.

Ditos temas poden definirse como contidos basicamente actitudinais, que exercen influencia no comportamento conductual do noso alumnado. Son valores importantes tanto para o desenvolvemento integral e persoal dos alumnos, como para o desenvolvemento dunha sociedade democrática, respectuosa co medio e tolerante.

Baseándonos na lei educativa actual e na concreción no Decreto de Currículo de Ed. Primaria traballaremos os elementos transversais presentados aquí arriba:

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Plan Proxecta: Proxectos de Vida Activa e Saudable	Programa co cal pretendemos dende o centro inculcar hábitos de vida activa e saudable, buscando o incremento diario de actividade física que realiza o alumnado, tanto dentro como fóra do centro, e a medición do impacto que ten este incremento da carga de actividade física realizada na saúde dos escolares.	X	X	X
Xogade: Campo a través	Organización e participación voluntaria na actividade deportiva de Campo a través.	X	X	
Coñece o meu club	Cada trimestre intentaremos presentar 1 club da contorna onde o alumnado puidera ir a practicar algún deporte. Buscaremos proporcionar unha ampla variedade deportiva para chegar a todos os intereses.	X	X	X
Patios dinámicos	De maneira continua, o tempo de lecer ten unha organización de xogos e material deportivo para promover que todo o alumnado estea activo. Mais a maiores, unha vez ao mes, en colaboración coas familias, organizaremos estacións acompañadas e dinamizadas con xogos en concreto, onde buscaremos a participación da maior parte do alumnado.	X	X	X
Magosto	Organización dun circuíto de zonas onde se practican xogos populares e tradicionais de Galicia.	X		
Día da Paz	Xornada de xogos cooperativos levada a cabo en grupos interidade.		X	

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Día da Educación Física	Xornada na que todo o centro sae á rúa a realizar actividade física en conxunto (andaina, baile nunha zona urbana, xogos coordinados nun parque da contorna...)			X
Andainas	Ao longo do curso, percorrерemos os diferentes parques da contorna, realizando andainas adaptadas a cada grupo de idade.	X	X	X
Xornada de Deportes Tradicionais	Procuraremos recuperar unha xornada intercentros onde se levaban a cabo os deportes tradicionais de Galicia: Bolos celtas, Chave e Billarda.			X
Proxecto Pasos. Gasol Foundation	Estudo para avaliar os estilos de vida das nanas e nenos españois. Este curso comezamos en 6º de primaria a implantalo.	X		

### Observacións:

Entendemos como actividades complementarias aquelas actividades didácticas que se realizan co alumnado en horario lectivo e que, formando parte da programación, teñen carácter diferenciado polo momento, espazo ou recursos que se utilizan.

Dende a Educación Física temos múltiples exemplos de actividades complementarias: saídas, visitas no centro, traballos de campo, andainas, conmemoracións e outras semellantes.

Ao longo do curso levaranse a cabo as actividades complementarias aprobadas na PXA e quedando abertas a posibles actividades complementarias e extraescolares que xurdan ao longo do curso. Estas novas actividades serán aprobadas seguindo a normativa vixente.

As actividades Complementarias e Extraescolares que se presentan na listaxe son un exemplo de actividades que se pretenden levar a cabo ao longo deste curso.

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Planificación: axeitada en número e duración das actividades, nivel de dificultade, interese para o alumnado, significatividade no proceso de ensino-aprendizaxe, obxectivos ben definidos,...
Contidos: secuenciación, estruturación e organización dando unha visión xeral de cada tema (que teñen que aprender, que é importante, etc.).
Metodoloxía empregada
Metodoloxía: aberta e flexible; agrupamentos; métodos e estilos de aprendizaxe, adaptada ás características do alumnado e as circunstancias que xordan durante a práctica educativa.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Materiais: foron atractivos, suficientes, accesibles para todo o alumnado, falta algún,...
Espazos empregados: axeitados, suficientes, inadecuados, cambios a ter en conta,...
Medidas de atención á diversidade
Atención á diversidade: pártese do nivel de desenvolvemento do alumnado e respéctanse as súas características individuais.

Clima de traballo na aula
Alumnado: conseguiuase motivalo, espertar a súa curiosidade, participación activa, respecto,...
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Elementos Transversais: as sesións traballan implicitamente temas transversais sinalados anteriormente...
Ao comezo de curso é moi importante para definir cal será o proceso educativo que programaremos e desenvolveremos nesa aula en concreto. A recollida de información é un paso fundamental, pois, en función deses datos tomaranse unhas decisións ou outras.

Cómpre saber que sabe e sabe facer o alumnado, mais tamén a súa motivación, a atención, os intereses, o estilo de aprendizaxe, o modo de aproximación aos recursos, as emocións ante as matemáticas, como traballa en equipo (aceptación de roles, participación, responsabilidade, resolución de conflitos, ...).

Así, a avaliación inicial ao comezo de curso terá unhas funcións concretas:

- Achegar información sobre o contexto escolar do grupo: profesorado, recursos, posibilidades de interacción con outros grupos, coordinación, medidas de atención, métodos,...
- Obter datos relacionados co entorno socio-familiar do alumnado que poidan incidir no seu desenvolvemento escolar.
- Definir concretamente a intervención educativa a desenvolver priorizando aqueles aspectos que se amosaron deficitarios
- Concretar estratexias de aprendizaxe que permitan unha intervención máis eficaz, ademais de servir de referente para contrastar os avances que se vaian obtendo ao longo dos procesos de aprendizaxe e ensino desenvolvidos.

Ao comezo de cada unidade ou proposta de traballo haberá de realizarse unha avaliación inicial durante a cal serán detectadas as ideas, as crenzas, as actitudes, os coñecementos, o control dos procesos matemáticos previos, ... de cara a establecer un adecuado proceso de aprendizaxe significativa.

No proceso de recollida de información e a súa triangulación (entre instrumentos, momentos e/ou persoas), sexa cal sexa o tipo de avaliación inicial que abordemos, contarase con diferentes e variados instrumentos, situacións e procedementos para poder atender á diversidade sen priorizar nunca unha única opción. Usaranse procedementos como a observación, análise de producións do alumnado, intercambios orais-debates-entrevistas, probas escritas e cuestionarios. Respecto dos instrumentos empregaranse os de rexistro (listas de cotexo, listas de control, escadas de valoración, diarios, anecdóticos, rexistro de incidencias,...) e outros que permitan indicar os item ou aspectos a ter presentes xunto coa súa valoración (rúbricas e guías de observación). Tamén se terán en conta datos procedentes de autoavaliación e a coavaliación.

Ao comezo de curso será de interese avaliar neste nivel:

- A participación en equipo para resolver situacións matemáticas.
- A identificación das emocións básicas en situacións matemáticas
- O uso de materiais que lle permitan resolver situacións problemáticas sinxelas.
- O recoñecemento de conceptos básicos matemáticos, operacións e interpretación de gráficos, táboas e figuras elementais
- A realización de conxecturas matemáticas a partir de casos concretos da vida diaria.
- A explicación das afirmacións e procesos matemáticos seguidos en situacións contextualizadas
- A expresión oral comprensible da percepción dun proceso matemático simple.
- A interacción co equipo para desenvolver e resolver situacións matemáticas
- Identificación de conceptos matemáticos en situacións variadas e cos significados que corresponda a cada situación
- A identificación de números, magnitudes, figuras... implicados en situacións cotiás familiares e escolares.
- A exemplificación de aspectos matemáticos elementais en situacións cotiás.
- O uso de representacións con materiais concretos, debuxos, ... para expresar unha idea matemática
- O uso guiado dalgunha ferramenta tecnolóxica en situación contextualizadas

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	15	15	15	20	15	20	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100	100	100

### Criterios de cualificación:

Á hora de establecer os criterios de cualificación da materia, debemos ter en conta os instrumentos de avaliación marcados nesta programación, estes son as probas obxectivas e as táboas de indicadores para a calidade do traballo (tanto en probas escritas como na oralidade) e actitude cara o traballo na aula.

As probas escritas serán as tarefas e fichas, o traballo no caderno de campo, resumos, esquemas, mapas conceptuais... Os cales terán a porcentaxe marcada en cada trimestre para cada criterio de avaliación.

Por outra banda, as táboas de indicadores que tomaremos como referencia para o traballo de aula serán rúbricas, listas de cotexo ou escalas de observación entre outros. A través destas táboas avaliaranse os criterios de avaliación que se indican, así como o respecto polos compañeiros, a capacidade de seguir uns pasos ou unhas instrucións e o grao de responsabilidade na execución dos proxectos, ademais do traballo no caderno de clase.

Para o cálculo da nota de cada avaliación terase en conta a seguinte fórmula:

NOTA PRIMEIRA AVALIACIÓN= Traballos en aula: 40%. Probas obxectivas: 40%. Actitude: 20%.

NOTA SEGUNDA AVALIACIÓN= Traballos en aula: 40%. Probas obxectivas: 40%. Actitude: 20%.

NOTA TERCEIRA AVALIACIÓN= Traballos en aula: 40%. Probas obxectivas: 40%. Actitude: 20%.

A cualificación da avaliación final da materia calcularase aplicando a seguinte fórmula:

NOTA AVALIACIÓN FINAL: Nota 1ª avaliación x 0.2 + nota 2ª avaliación x 0.3 + nota 3ª avaliación x 0.5

Deste xeito, un aprobado na terceira avaliación implica un aprobado na avaliación final, dada a natureza da avaliación continua que se persegue na materia.

O resultado dos cálculos redondearase cara a unidade seguinte, sempre e cando o número das décimas sexa cinco ou maior que cinco.

### Criterios de recuperación:

De acordo co artigo 20 da Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, así como a orde de 25 de xaneiro de 2022, a avaliación durante a etapa de Educación Primaria será continua e global, tendo en conta o proceso de aprendizaxe. Feito polo cal, aprobando avaliacións posteriores recupéranse avaliacións anteriores, de ser o caso.

Por outra banda, se nalgún momento se obtén unha cualificación negativa, poñerase en marcha un programa de reforzo individualizado para ese alumno en cuestión, como medida ordinaria de atención á diversidade.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Para atender á diversidade optamos por un modelo inclusivo, o Deseño Universal de Aprendizaxe (DUA), permitirá a posibilidade de flexibilizar o currículo xeral e convertelo en real e adaptado ás características da aula (flexibilización que abrangue flexibilidade e variedade en obxectivos, métodos, materiais e avaliación). A pretensión é eliminar os atrancos físicos, sensoriais, afectivos e cognitivos para o acceso, aprendizaxe e participación que poida amosar o alumnado na área. Trátase de actuar sobre o contorno do alumnado para que non sexa discapacitante ou limitante (flexibilizar e variar tempos, espazos, materiais, linguaxes, niveis, organizacións, materiais, accesos e agrupamentos). Como non todo o alumnado procesa a información de igual xeito optárase por unha presentación con formatos e soportes diferentes que se acomoden ás diferentes percepcións (visual, auditiva, táctil...), comprensións, niveis de abstracción, monitoreo do progreso, intereses e tipos de linguaxe.

Tamén, neste mesmo senso, favoreceranse diversas maneiras de expresar o aprendido, as diferentes linguaxes, serán elementos fundamentais a ter en conta xunto con estratexias diversificadas para as funcións executivas.

Favorecerase a accesibilidade ao material, evitándose a sobreestimulación e as distraccións innecesarias.

Promoverase a aprendizaxe entre iguais e a aprendizaxe en equipos cooperativos.

Deseñaranse actividades multinivel que permitan o traballo conxunto de todo o alumnado compartindo unha experiencia común, mais adaptada ao seu nivel e á súa capacidade de abstracción. Estas actividades deben estar inseridas en situacións de aprendizaxe, proxectos ou propostas integradas que posibiliten a contextualización necesaria.

As avaliacións inicial, do proceso e final tamén atenderán á diversidade tanto nos instrumentos de recollida de datos (que deberán ter variedade), como nos tempos (que serán flexibles en función do alumnado e o seu ritmo) e nos procedementos e instrumentos de rexistro de datos. Deberase tamén ter presentes as necesarias autoavaliacións e coavaliacións.

Ademais convén utilizar procesos de aprendizaxe acordes coa grao de madurez, flexibilizar opcións algorítmicas para permitir que o alumnado poida facelo co seu propio sistema de procesamento, facilitar diferentes fórmulas de resolución, proporcionar fórmulas diversas para relacionar os diferentes aspectos matemáticos e unilos ao contexto real. Trátase de potenciar habilidades e destrezas que leven ao coñecemento de diferentes formas de abordar as solucións matemáticas potenciando a investigación.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Comprensión de lectura	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual				X		X
ET.4 - Competencia dixital	X	X				X
ET.5 - Fomento da creatividade	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Espí-rito científico	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Espí-rito do emprendemento	X		X	X		X
ET.8 - Igualdade entre mulleres e homes	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Educación para a Paz			X		X	

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.10 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible	X		X			X
ET.11 - Educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual.	X		X		X	

### Observacións:

As unidades didácticas formuladas van máis aló dunha secuenciación de contidos matemáticos, recollen temas que contextualizan a área coa vida cotiá, o que facilita a abordaxe dos elementos transversais. Por outro lado, moitos dos instrumentos de avaliación foron seleccionados para amosar a adquisición da competencia matemática, implicando directamente a outras competencias, como a lingüística.

Hai cinco temas transversais que están presentes en todas as unidades didácticas. O enfoque de xénero que se formula nesta programación, así como a proposta de traballo en equipos heteroxéneos, mixtos e diversos implica que a igualdade entre mulleres e homes estea presente no día a día da aula. Por outro lado, a resolución de problemas leva implícita o traballo da comprensión lectora, e a explicación do proceso de resolución dos mesmos, a expresión oral e escrita, polo que son tratados en todas as unidades.

Por último, empregaranse o fomento da creatividade para a creación e resolución de retos e problemas, e o espírito científico propio da área para evitar en todo momento a reprodución de fórmulas ou procesos memorizados sen comprensión previa.

O resto de temas transversais teñen presenza en, alo menos, dúas unidades propostas, aproveitando a temática elixida para o seu tratamento.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saída ao mercado	Coincidindo coa unidade realizaremos unha saída ao mercado (ou supermercado) da vila.			
Mes da ciencia	Novembro é o mes da ciencia e, coincidindo coa nosa unidade " Os experimentos" faremos unha saída didáctica para coñecer un museo científico.			
Receitas de Entroido	Como actividade complementaria desta unidade propónse facer unha degustación no colexio de distintas receitas do Entroido. A este ciclo correspóndelle elaborar doces, e, neste nivel en concreto, filloas			
Rueiro pola vila e visita a un museo	Nesta unidade sairemos da aula para buscar arte e matemáticas na nosa contorna e visita a un museo.			
Olimpiadas escolares	No ecuador do terceiro trimestre, e coincidindo que todo o centro está a traballar esta unidade, realizarase a Olimpiada Escolar, na que todas as alumnas e todos os alumnos participarán nas distintas probas atléticas formuladas.			
Excursión de fin de curso	Despois de planificar a saída de forma conxunta, toca gozala e levala a cabo.			

### Observacións:



Cada unidade didáctica terá asociada, polo menos, unha actividade complementaria ou extraescolar, sen prexuízo de que, ao longo do curso, poidan aparecer outras interesantes que se poidan levar a cabo. Ademais, todas as celebracións e conmemoracións reflectidas no calendario escolar poden e deben ser abordadas tamén dende o punto de vista das matemáticas.-

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
- Porcentaxe de alumnado que acada unha valoración positiva na materia de matemáticas. Indicador de logro: 75% do alumnado debe ter avaliación positiva.
- Porcentaxe de alumnado que o curso pasado suspendera a materia de matemáticas e que este curso acadou unha valoración positiva. Indicador de logro: 50% do alumnado debe ter avaliación positiva.
- Porcentaxe de diminución de conflitos producidos con respecto á 1ª avaliación. Indicador de logro: 50% para a 2ª avaliación e 70% para a 3ª avaliación.
- Metodoloxía: porcentaxe de sesións con actividades de aula de traballo cooperativo e colaborativo. Indicador de logro: 70%
- Uso de material manipulativo para introducir novos contidos (Escala de 1 a 4)
- Utilización de recursos e estratexias multinivel adaptadas ao alumnado e á súa diversidade (Escala de 1 a 4)
- Contextualización dos contidos matemáticos na vida cotiá.
- Fomento do emprego de linguaxe matemática axeitada. (Escala de 1 a 4)
- Valoración e emprego das interrogantes formuladas polo alumnado para xerar aprendizaxe.
- Emprego de instrumentos de avaliación adaptados á diversidade (Escala de 1 a 4)
- Número de instrumentos de avaliación empregados. Indicador de logro: polo menos emprega 5.
- Porcentaxe de alumnado que supera cada un dos diferentes instrumentos de avaliación empregados. Instrumentos de avaliación: polo menos o 65% do alumnado supera cada un dos tipos de instrumentos de avaliación empregados.

#### Descrición:

Naqueles indicadores nos que se emprega a escala de 1 a 4, no que o 1 será o valor mínimo e o 4 será o valor máximo.

### 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Avaliaremos trimestralmente a temporalización prevista na programación. No caso de non cumprir esta temporalización, analizaremos as posibles causas e proporemos as medidas correctoras necesarias para acadar a temporalización prevista na seguinte avaliación ou, se estamos na última avaliación, para incluír as modificacións necesarias na programación do vindeiro curso.

Dentro das razóns reais que deberemos analizar para saber o porqué non somos capaces de manter a temporalización prevista, son, entre outros, os seguintes:

- Número e duración das actividades propostas.
- Nivel de dificultade das actividades propostas.
- Interese e motivación do alumnado
- Tipo de actividades propostas.



- Existencia de efemérides.
- Medidas de atención á diversidade previstas.
- Participación en programas externos.
- Metodoloxía que se aplica.

## **9. Outros apartados**

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15015652	CEIP Apóstolo Santiago	Santiago de Compostela	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Música e danza	3º Pri.	1	35

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	14
4.2. Materiais e recursos didácticos	14
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	15
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	15
6. Medidas de atención á diversidade	16
7.1. Concreción dos elementos transversais	16
7.2. Actividades complementarias	17
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	17
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	18
9. Outros apartados	19

## 1. Introducción

A presente Programación Didáctica (PD) está enmarcada no "Decreto 155/2022 polo que se establece a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia" e o seu obxectivo é desenvolver e adaptar á realidade deste centro os preceptos neste recollidos.

A área de Música e Danza organízase arredor de dous eixes:

- percepción e análise
- creación e interpretación

Cada unha das 4 Unidades Didácticas (UD) que conforman esta PD está concibida para que o alumnado sexa quen de adquirir técnicas e procedementos acordes á súa idade. A tal fin, a capacidade perceptiva, a observación, a habilidade manual e motriz e a sensibilidade ante calquera manifestación musical ou performativa debe ser potenciada.

Esta PD está planificada de xeito que 3 das UD teñen unha temporalización de carácter trimestral, mentres que a 4ª UD estenderase ao longo de todo o curso.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Descubrir propostas artísticas musicais e dancísticas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa, para desenvolver a curiosidade, a sensibilidade, o pensamento crítico e o respecto pola diversidade.		3	1	1	3	1	2	1-2
OBX2 - Recoñecer os elementos básicos específicos da linguaxe musical, a través da percepción e da análise de diferentes fragmentos e obras, para chegar á comprensión das diferentes manifestacións culturais e artísticas.								2-4
OBX3 - Investigar acerca de diferentes manifestacións culturais e artísticas musicais e dancísticas e os seus contextos, empregando diversas canles, medios e técnicas, para gozar delas, entender o seu valor, así como desenvolver o pensamento e unha sensibilidade artística propia.	3	3	2	1	4	3		1-2
OBX4 - Expresar e comunicar de maneira creativa ideas, sentimentos e emocións, experimentando coas posibilidades do son, do corpo e dos medios dixitais, para producir obras propias.	1			2	1-5	2	1	3-4
OBX5 - Participar do deseño, elaboración e difusión de producións culturais e artísticas musicais e dancísticas, tanto individuais coma colaborativas, poñendo en valor o proceso e asumindo diferentes roles na consecución dun resultado final, para desenvolver a creatividade, a noción de autoría e o sentido de pertenza.	1-5	3	3			2	1-3	3-4

**Descrición:**

**3.1. Relación de unidades didácticas**

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Ledicia e tristura	Esta UD pretende, por un lado, repasar e afianzar os contidos de 2º primaria retomando a dinámica e rutina de traballo, a responsabilidade e coidado do material, etc., e, polo outro, seguir desenvolvendo a recepción activa e a vivencia de diferentes elementos da música e da danza a través das emocións básicas ledicia e tristura como fío condutor e con diferentes agrupamentos. As conmemoracións do Magosto, Samaín e Nadal cobrarán especial relevancia.	15	7	X		
2	Ira e medo	Esta UD2 prosigue o traballado na UD1, reforzando e ampliando paulatinamente os elementos da música e da danza, mais nesta ocasión, a través das emocións básicas ira e medo como fío condutor. O Día da Paz, o Entroido e o Día Internacional da Muller traballaranse de xeito máis destacado.	21	6		X	
3	Sorpresa e aversión	A UD3 desenvolve un pouco máis os elementos de contidos das UD1 e UD2, mais o seu propósito será, fundamentalmente, afianzar os xa traballados. As Letras Galegas e o Día da Música serán de especial relevancia.	24	5			X
4	Músicas e danzas do mundo	Esta UD profundiza nas músicas e danzas doutras rexións e países: a visualización e valoración destas, así como a interpretación dunha coidada selección das mesmas. O traballo en grupo e grande grupo será o predominante, procurando unha participación activa do alumnado e procurárase a asistencia en vivo a algunha representación artística de música e/ou danza.	40	17	X	X	X

**3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas**

UD	Título da UD	Duración
1	Ledicia e tristura	7

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Recoñecer propostas artísticas musicais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Descobre propostas musicais que transmitan alegría e tristura.	TI	100
CA1.3 - Identificar visual e auditivamente, clasificar, describir e representar elementos fundamentais da música e da linguaxe musical.	Representa con grafía convencional partituras simples (branca, negra, silencios, dobre corchea). Asocia o son dalgúns instrumentos e/ou voces ao debuxo correspondente.		
CA1.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifesta respecto na recepción de propostas artísticas musicais.		
CA2.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Propón e reproduce ritmicamente co corpo fórmulas de pregunta-resposta de 4 pulsos.		
CA2.3 - Utilizar elementos básicos da linguaxe musical para interpretar propostas musicais básicas vocais e instrumentais, a través da vivencia destes.	Interpreta combinacións rítmicas de 8 pulsos, con grafías convencionais (branca, negra, dúas corcheas e silencios)		
CA2.7 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifesta respecto e concentración activa na realización de actividades musicais.		
CA3.1 - Recoñecer propostas artísticas escénicas e performativas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Identifica a relación entre emoción e expresión corporal en propostas escénicas.		
CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifesta respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas.		
CA4.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e diferentes ferramentas de expresión artística, incluídos os medios dixitais básicos, e mostrando confianza nas capacidades propias.	Participa de xeito activo e coordinado en representacións performativas grupais acompañadas de música.		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifesta respecto e concentración na realización de actividades escénicas e performativas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

### Contidos

- Estratexias básicas de recepción activa.
- O son e as súas calidades: identificación visual e auditiva, clasificación e representación elemental de diversidade de sons e estruturas rítmicas e melódicas a través de grafías convencionais e non convencionais.

## Contidos

- A voz e os instrumentos musicais. Principais agrupacións e familias. Identificación visual e auditiva. Obxectos sonoros e instrumentos caseiros presentes na contorna do alumnado.
- O tempo, o carácter e a dinámica: identificación dos máis característicos.
- O pulso, o acento e o compás: identificación e diferenciación entre compás binario e ternario en fragmentos e pezas musicais seleccionadas.
- Propostas musicais de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais.
- Vocabulario específico de uso común en música.
- Normas básicas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición.
- Práctica instrumental, vocal e corporal: experimentación, exploración creativa, interpretación e improvisación guiada a partir das súas posibilidades sonoras e expresivas. Respiración consciente e hixiene e corrección postural.
- Linguaxes musicais: aplicación dos seus conceptos básicos na interpretación e na improvisación guiada de propostas musicais vocais e instrumentais. Recoñecemento e utilización do silencio na interpretación musical.
- Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación.
- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións musicais.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable durante a creación e a práctica musical.
- Estratexias básicas de recepción activa.
- Manifestacións básicas vinculadas á expresión corporal e ás artes escénicas e performativas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais.
- Vocabulario específico de uso común nas artes escénicas e performativas.
- Aproximación aos elementos básicos da representación escénica. Roles, materiais e espazos.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante
- O corpo e as súas posibilidades motrices e creativas: interese na experimentación e exploración a través de execucións individuais e grupais sinxelas vinculadas co movemento, coa danza, coa dramatización e coa representación teatral, como medio de expre
- Técnicas básicas dramáticas e dancísticas de uso común. Respiración consciente e hixiene e corrección postural. Linguaxes expresivas básicas. Actos performativos elementais. Improvisación guiada. Interese, práctica e confianza nun mesmo.
- Capacidades expresivas e creativas de uso común da expresión corporal e dramática.
- Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación.
- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións escénicas e performativas.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática

UD	Título da UD	Duración
2	Ira e medo	6

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer propostas artísticas musicais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Recoñece a diferenza e discrimina entre música tradicional e música moderna. Descubre propostas musicais que transmitan ira e medo.		
CA1.3 - Identificar visual e auditivamente, clasificar, describir e representar elementos fundamentais da música e da linguaxe musical.	Identifica visualmente e representa: negra, branca (e silencios), dobre corchea, barra divisoria e dobre barra final, clave de sol e compás 2/4 e 3/4		
CA1.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifesta respecto na recepción de propostas artísticas musicais.		
CA2.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Crea unha melodía de 4 compases de 2/4 ou de 3/4 (do, mi, sol, la e do agudo; branca, negra, silencio de negra e dobre corchea). Interpreta no xilófono fragmentos seleccionados.		
CA2.3 - Utilizar elementos básicos da linguaxe musical para interpretar propostas musicais básicas vocais e instrumentais, a través da vivencia destes.	Le e interpreta liñas rítmicas de ata 4 compases de 2/4 e 3 compases de 3/4 (figuras: negra, silencio de negra e dobre corchea).		
CA2.7 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifesta respecto e concentración na realización de actividades musicais.	TI	100
CA3.1 - Recoñecer propostas artísticas escénicas e performativas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Entende a representación corporal das emocións nas propostas escénicas e performativas seleccionadas.		
CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifesta respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas.		
CA4.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e diferentes ferramentas de expresión artística, incluídos os medios dixitais básicos, e mostrando confianza nas capacidades propias.	Baila de xeito libre nalgunha parte dunha coreografía aprendida. Grupalmente realiza movementos corporais segundo suxira a música.		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Participa de xeito activo na realización de actividades escénicas e performativas.		



Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias básicas de recepción activa.</li> <li>- O son e as súas calidades: identificación visual e auditiva, clasificación e representación elemental de diversidade de sons e estruturas rítmicas e melódicas a través de grafías convencionais e non convencionais.</li> <li>- A voz e os instrumentos musicais. Principais agrupacións e familias. Identificación visual e auditiva. Obxectos sonoros e instrumentos caseiros presentes na contorna do alumnado.</li> <li>- O tempo, o carácter e a dinámica: identificación dos máis característicos.</li> <li>- O pulso, o acento e o compás: identificación e diferenciación entre compás binario e ternario en fragmentos e pezas musicais seleccionadas.</li> <li>- Propostas musicais de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais.</li> <li>- Vocabulario específico de uso común en música.</li> <li>- Normas básicas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición.</li> <li>- Práctica instrumental, vocal e corporal: experimentación, exploración creativa, interpretación e improvisación guiada a partir das súas posibilidades sonoras e expresivas. Respiración consciente e hixiene e corrección postural.</li> <li>- Linguaxes musicais: aplicación dos seus conceptos básicos na interpretación e na improvisación guiada de propostas musicais vocais e instrumentais. Recoñecemento e utilización do silencio na interpretación musical.</li> <li>- Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación.</li> <li>- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións musicais.</li> <li>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable durante a creación e a práctica musical.</li> <li>- Estratexias básicas de recepción activa.</li> <li>- Manifestacións básicas vinculadas á expresión corporal e ás artes escénicas e performativas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais.</li> <li>- Vocabulario específico de uso común nas artes escénicas e performativas.</li> <li>- Aproximación aos elementos básicos da representación escénica. Roles, materiais e espazos.</li> <li>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante</li> <li>- O corpo e as súas posibilidades motrices e creativas: interese na experimentación e exploración a través de execucións individuais e grupais sinxelas vinculadas co movemento, coa danza, coa dramatización e coa representación teatral, como medio de expre</li> <li>- Técnicas básicas dramáticas e dancísticas de uso común. Respiración consciente e hixiene e corrección postural. Linguaxes expresivas básicas. Actos performativos elementais. Improvisación guiada. Interese, práctica e confianza nun mesmo.</li> <li>- Capacidades expresivas e creativas de uso común da expresión corporal e dramática.</li> <li>- Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación.</li> <li>- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións escénicas e performativas.</li> <li>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
3	Sorpresa e aversión	5

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer propostas artísticas musicais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Descobre propostas musicais que transmitan sorpresa ou aversión. Recoñece diferentes emocións transmitidas nas diferentes propostas seleccionadas.	TI	100
CA1.3 - Identificar visual e auditivamente, clasificar, describir e representar elementos fundamentais da música e da linguaxe musical.	Identifica visualmente e representa no pentagrama: notas do, re, mi, fa, sol, la, si e do agudo. Realiza ditados de 8 pulsos: rítmicos (negra, silencio negra e dobre corchea) e melódicos (mi e sol).		
CA1.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifesta respecto na recepción de propostas artísticas musicais.		
CA2.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Elabora secuencias do tipo pregunta/resposta		
CA2.3 - Utilizar elementos básicos da linguaxe musical para interpretar propostas musicais básicas vocais e instrumentais, a través da vivencia destes.	Le e entoa unha partitura de ata 4 compases de 2/4 ou de 3/4 (notas: do, mi e sol; figuras: negra, silencio de negra e branca).		
CA2.5 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe musical e diferentes técnicas artísticas.	Participa no proceso de creación e representación de propostas performativas, asumindo a tarefa que lle corresponde con responsabilidade.		
CA2.7 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifesta respecto e concentración na realización de actividades musicais.		
CA3.1 - Recoñecer propostas artísticas escénicas e performativas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Recoñece nas representacións escénicas e performativas propostas as diferentes emocións identificando cada unha delas.		
CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifesta respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas.		
CA4.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e diferentes ferramentas de expresión artística, incluídos os medios dixitais básicos, e mostrando confianza nas capacidades propias.	Individualmente realiza movementos corporais que representen as diferentes emocións traballadas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.4 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas escénicas e performativas, de forma creativa, utilizando elementos básicos da expresión corporal e diferentes técnicas artísticas.	Participa nun grupo que interpreta unha pequena coreografía sobre unha música elixida		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifesta respecto e concentración na realización de actividades escénicas e performativas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias básicas de recepción activa.</li> <li>- Principais profesións vinculadas á creación e interpretación musical.</li> <li>- O son e as súas calidades: identificación visual e auditiva, clasificación e representación elemental de diversidade de sons e estruturas rítmicas e melódicas a través de grafías convencionais e non convencionais.</li> <li>- A voz e os instrumentos musicais. Principais agrupacións e familias. Identificación visual e auditiva. Obxectos sonoros e instrumentos caseiros presentes na contorna do alumnado.</li> <li>- O tempo, o carácter e a dinámica: identificación dos máis característicos.</li> <li>- O pulso, o acento e o compás: identificación e diferenciación entre compás binario e ternario en fragmentos e pezas musicais seleccionadas.</li> <li>- Propostas musicais de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais.</li> <li>- Estratexias básicas de análises de propostas musicais desde unha perspectiva de xénero.</li> <li>- Vocabulario específico de uso común en música.</li> <li>- Recursos dixitais de uso común para música.</li> <li>- Normas básicas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición.</li> <li>- Práctica instrumental, vocal e corporal: experimentación, exploración creativa, interpretación e improvisación guiada a partir das súas posibilidades sonoras e expresivas. Respiración consciente e hixiene e corrección postural.</li> <li>- Construción elemental guiada de obxectos sonoros e instrumentos sinxelos con materiais da contorna, especialmente de reciclaxe, e exploración das súas posibilidades sonoras.</li> <li>- Linguaxes musicais: aplicación dos seus conceptos básicos na interpretación e na improvisación guiada de propostas musicais vocais e instrumentais. Recoñecemento e utilización do silencio na interpretación musical.</li> <li>- Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación.</li> <li>- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións musicais.</li> <li>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable durante a creación e a práctica musical.</li> <li>- Estratexias básicas de recepción activa.</li> <li>- Manifestacións básicas vinculadas á expresión corporal e ás artes escénicas e performativas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais.</li> </ul>

**Contidos**

- Estratexias básicas de análises de propostas escénicas e performativas desde unha perspectiva de xénero.
- Vocabulario específico de uso común nas artes escénicas e performativas.
- Recursos dixitais de uso común para as artes escénicas e performativas.
- Principais profesións vinculadas ás artes escénicas e performativas. Recoñecemento básico.
- Aproximación aos elementos básicos da representación escénica. Roles, materiais e espazos.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante
- O corpo e as súas posibilidades motrices e creativas: interese na experimentación e exploración a través de execucións individuais e grupais sinxelas vinculadas co movemento, coa danza, coa dramatización e coa representación teatral, como medio de expre
- Técnicas básicas dramáticas e dancísticas de uso común. Respiración consciente e hixiene e corrección postural. Linguaxes expresivas básicas. Actos performativos elementais. Improvisación guiada. Interese, práctica e confianza nun mesmo.
- Capacidades expresivas e creativas de uso común da expresión corporal e dramática.
- Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación.
- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións escénicas e performativas.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática

UD	Título da UD	Duración
4	Músicas e danzas do mundo	17

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Describir características elementais de manifestacións culturais e artísticas musicais, explorándoas con interese, establecendo relacións básicas entre elas, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación musical, e empregando o vocabulario específico básico destas.	Recoñece o timbre dos diferentes instrumentos empregados na música tradicional e popular galega.		
CA1.4 - Seleccionar e aplicar estratexias básicas para a procura guiada de información sobre manifestacións culturais e artísticas musicais, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	Participa nun traballo grupal sobre música e danza galega tradicional.	TI	100
CA1.5 - Identificar os elementos característicos básicos das distintas manifestacións culturais e artísticas musicais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, indicando as canles, medios e técnicas utilizados, analizando as súas diferenzas e similitudes e reflexionando sobre as sensacións producidas.	Comparte sensacións producidas ante as manifestacións culturais e artísticas musicais propostas identificando algunha diferenza e similitude entre elas.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas musicais básicas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Expresa, verbalmente e por escrito, as sensacións vividas trala interpretación de pequenas obras musicais seleccionadas.		
CA2.4 - Participar de maneira guiada no deseño de producións culturais e artísticas musicais, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final planificado e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade.	Participa con concentración na interpretación grupal dunha pequena obra vocal e/ou instrumental a varias voces.		
CA2.6 - Compartir as experiencias creativas musicais, empregando estratexias comunicativas básicas e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Explica o o proceso de ensaio e interpretación dunha peza grupal		
CA3.2 - Describir características elementais de manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas explorando as súas características con interese, establecendo relacións básicas entre elas, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación escénica e performativa, e empregando o vocabulario específico básico destas.	Describe conceptos básicos da danza relacionados coa forma musical: paso, xiro, secuencia, parte		
CA3.3 - Seleccionar e aplicar estratexias básicas para a procura guiada de información sobre manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	Participa nun traballo grupal sobre música e danza galega tradicional.		
CA3.4 - Identificar os elementos característicos básicos das distintas manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas que forman parte do patrimonio de diversas contornas, indicando as canles, medios e técnicas utilizados, analizando as súas diferenzas e similitudes e reflexionando sobre as sensacións producidas.	Comparte sensacións producidas ante as manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas propostas identificando diferenzas e similitudes entre elas.		
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá.</li> <li>- A centralidade da persoa na mensaxe cristiá.</li> <li>- A dignidade do ser humano.</li> <li>- As relacións cos outros como oportunidade de autocoñecemento e crecemento persoal.</li> <li>- Cosmovisións, tradición cristiá e cultura.</li> <li>- Identificación de diversos símbolos e tradicións relixiosas, en torno ao calendario litúrxico e os sacramentos.</li> <li>- Obras artísticas que representan momentos da tradición bíblica e que son configuradoras da súa identidade cultural.</li> <li>- Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común.</li> <li>- O coidado da contorna natural e social como casa común.</li> <li>- A proposta moral cristiá para a vida en sociedade.</li> <li>- Hábitos e actividades para o logro dos obxectivos de desenvolvemento sostible á luz da ética cristiá.</li> <li>- Ética do coidado: a responsabilidade, a compaixón, o perdón e o amor.</li> <li>- Unha mirada cristiá á realidade: a toma de conciencia das situacións sociais inxustas.</li> <li>- Actitudes de respecto e inclusión para crear contornas de convivencia intercultural.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
2	A Alianza	4

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.7 - Admirar diferentes expresións do patrimonio cultural e da relixiosidade popular, recoñecendo a súa beleza e o seu significado relixioso e a súa vinculación con textos bíblicos, valorando a súa achega á identidade cultural.	Relaciona obras de arte co relato do Éxodo.	PE	70
CA1.11 - Comprender a importancia da alianza de Deus co pobo de Israel que ten a súa continuación en Xesucristo, e as súas achegas sociais e culturais na historia.	Resumir a historia de Moeses.		
CA1.6 - Distinguir algúns dos valores propios do cristianismo e a súa presentación en pasaxes dos evanxeos, para aplicar a cooperación e a mediación, a resolución pacífica de conflitos e a construción do ben común en situacións próximas.	Relacionar os valores do cristianismo con situacións acaecidas na escola.	TI	30

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá.</li> <li>- Cosmovisións, tradición cristiá e cultura.</li> <li>- Identificación de diversos símbolos e tradicións relixiosas, en torno ao calendario litúrxico e os sacramentos.</li> <li>- Obras artísticas que representan momentos da tradición bíblica e que son configuradoras da súa identidade cultural.</li> <li>- Valor cultural e artístico do patrimonio da diocese.</li> <li>- Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común.</li> <li>- A proposta moral cristiá para a vida en sociedade.</li> <li>- Hábitos e actividades para o logro dos obxectivos de desenvolvemento sostible á luz da ética cristiá.</li> <li>- Ética do coidado: a responsabilidade, a compaixón, o perdón e o amor.</li> <li>- Unha mirada cristiá á realidade: a toma de conciencia das situacións sociais inxustas.</li> <li>- Actitudes de respecto e inclusión para crear contornas de convivencia intercultural.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
3	Chega o Nadal	5

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.7 - Admirar diferentes expresións do patrimonio cultural e da relixiosidade popular, recoñecendo a súa beleza e o seu significado relixioso e a súa vinculación con textos bíblicos, valorando a súa achega á identidade cultural.	Distinguir nalgunhas imaxes as que corresponden ao Advento e ao Nadal.	PE	60
CA1.8 - Observar nas celebracións litúrxicas, os espazos sacros e os sacramentos da Igrexa elementos esenciais do cristianismo, poñéndoos en relación coa vida de Xesús e a tradición da Igrexa.	Identificar e recoñecer o simbolismo dalgúns elementos do Advento e do Nadal.		
CA1.5 - Colaborar e promover cos demais a análise de situacións que prexudican ou melloran a convivencia e a posta en marcha de accións responsables que favorezan a construción dun mundo máis equitativo e inclusivo.	Elaborar un pequeno listado con accións que contribúen a facer do seu mundo próximo un lugar mellor	TI	40
CA1.6 - Distinguir algúns dos valores propios do cristianismo e a súa presentación en pasaxes dos evanxeos, para aplicar a cooperación e a mediación, a resolución pacífica de conflitos e a construción do ben común en situacións próximas.	Coñecer os comportamentos e actitudes que levan á resolución pacífica de conflitos		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá.</li> <li>- Cosmovisións, tradición cristiá e cultura.</li> <li>- Identificación de diversos símbolos e tradicións relixiosas, en torno ao calendario litúrxico e os sacramentos.</li> <li>- A importancia da alianza de Deus co pobo de Israel.</li> <li>- Obras artísticas que representan momentos da tradición bíblica e que son configuradoras da súa identidade cultural.</li> <li>- Valor cultural e artístico do patrimonio da diocese.</li> <li>- Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común.</li> <li>- A proposta moral cristiá para a vida en sociedade.</li> <li>- Hábitos e actividades para o logro dos obxectivos de desenvolvemento sostible á luz da ética cristiá.</li> <li>- Ética do coidado: a responsabilidade, a compaixón, o perdón e o amor.</li> <li>- Unha mirada cristiá á realidade: a toma de conciencia das situacións sociais inxustas.</li> <li>- Actitudes de respecto e inclusión para crear contornas de convivencia intercultural.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
4	Xesús: amor infinito	4

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Adquirir destrezas e habilidades sociais que potencien a súa inclusión no grupo e contornas culturais próximos, a través da lectura de pasaxes bíblicas do Novo Testamento e a análise de comportamentos de coidado, responsabilidade, solidariedade e perdón.	Relacionar pasaxes do Novo Testamento con comportamentos de coidado, responsabilidade e perdón.	PE	60
CA1.9 - Recoñecer e valorar o encontro cos demais como oportunidade para o desenvolvemento da propia interioridade, tendo como referencia os encontros de Xesús de Nazaret.	Identificar algún encontro con Xesús e a valía do Bautismo como inicio dunha nova vida.		
CA1.6 - Distinguir algúns dos valores propios do cristianismo e a súa presentación en pasaxes dos evanxeos, para aplicar a cooperación e a mediación, a resolución pacífica de conflitos e a construción do ben común en situacións próximas.	"Dialogar" sobre a resolución de conflitos e a construción do Ben.	TI	40
CA1.7 - Admirar diferentes expresións do patrimonio cultural e da relixiosidade popular, recoñecendo a súa beleza e o seu significado relixioso e a súa vinculación con textos bíblicos, valorando a súa achega á identidade cultural.	Unir escenas do bautismo e da Sagrada Familia coa representación artística		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá.</li> <li>- A importancia da familia e a comunidade como fonte de felicidade.</li> <li>- Técnicas de mediación para a resolución pacífica de conflitos á luz do Evanxeo.</li> <li>- Cosmovisións, tradición cristiá e cultura.</li> <li>- Identificación de diversos símbolos e tradicións relixiosas, en torno ao calendario litúrxico e os sacramentos.</li> <li>- A relación de Xesús coas persoas do seu tempo.</li> <li>- Relatos bíblicos que describen a vida de Xesús de Nazaret cos Apóstolos e as primeiras comunidades cristiás.</li> <li>- Obras artísticas que representan momentos da tradición bíblica e que son configuradoras da súa identidade cultural.</li> <li>- Valor cultural e artístico do patrimonio da diocese.</li> <li>- Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común.</li> <li>- A proposta moral cristiá para a vida en sociedade.</li> <li>- Hábitos e actividades para o logro dos obxectivos de desenvolvemento sostible á luz da ética cristiá.</li> <li>- Ética do coidado: a responsabilidade, a compaixón, o perdón e o amor.</li> <li>- Unha mirada cristiá á realidade: a toma de conciencia das situacións sociais inxustas.</li> <li>- Actitudes de respecto e inclusión para crear contornas de convivencia intercultural.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
5	A misión de Xesús	4

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Adquirir destrezas e habilidades sociais que potencien a súa inclusión no grupo e contornas culturais próximos, a través da lectura de pasaxes bíblicas do Novo Testamento e a análise de comportamentos de coidado, responsabilidade, solidariedade e perdón.	Extrae a mensaxe dalgún relato bíblico sobre o perdón e a responsabilidade.	PE	60
CA1.9 - Recoñecer e valorar o encontro cos demais como oportunidade para o desenvolvemento da propia interioridade, tendo como referencia os encontros de Xesús de Nazaret.	Relaciona os cambios na vida dos que se atopan con Xesús.		
CA1.1 - Recoñecer e expresar a través de composicións orais, escritas e artísticas os elementos cruce da dignidade e a identidade persoal, relacionándoas con diferentes situacións vitais, tendo en conta biografías e relatos bíblicos de vocación e misión.	Nomea situacións próximas ou persoais asemellándoas con relatos bíblicos e biografías.	TI	40
CA1.5 - Colaborar e promover cos demais a análise de situacións que prexudican ou melloran a convivencia e a posta en marcha de accións responsables que favorezan a construción dun mundo máis equitativo e inclusivo.	Nomea accións que favorecen a construción dun mundo máis igualitario.		
CA1.6 - Distinguir algúns dos valores propios do cristianismo e a súa presentación en pasaxes dos evanxeos, para aplicar a cooperación e a mediación, a resolución pacífica de conflitos e a construción do ben común en situacións próximas.	Relaciona parábolas e milagres coa construción do Ben.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá.</li> <li>- Relatos bíblicos de vocación e misión.</li> <li>- Técnicas de mediación para a resolución pacífica de conflitos á luz do Evanxeo.</li> <li>- Cosmovisións, tradición cristiá e cultura.</li> <li>- Identificación de diversos símbolos e tradicións relixiosas, en torno ao calendario litúrxico e os sacramentos.</li> <li>- A relación de Xesús coas persoas do seu tempo.</li> <li>- Obras artísticas que representan momentos da tradición bíblica e que son configuradoras da súa identidade cultural.</li> <li>- Valor cultural e artístico do patrimonio da diocese.</li> <li>- Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común.</li> </ul>



<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A proposta moral cristiá para a vida en sociedade.</li> <li>- Hábitos e actividades para o logro dos obxectivos de desenvolvemento sostible á luz da ética cristiá.</li> <li>- Ética do coidado: a responsabilidade, a compaixón, o perdón e o amor.</li> <li>- Unha mirada cristiá á realidade: a toma de conciencia das situacións sociais inxustas.</li> <li>- Actitudes de respecto e inclusión para crear contornas de convivencia intercultural.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
6	A Semana Santa e a Pascua	4

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.7 - Admirar diferentes expresións do patrimonio cultural e da relixiosidade popular, recoñecendo a súa beleza e o seu significado relixioso e a súa vinculación con textos bíblicos, valorando a súa achega á identidade cultural.	Relaciona algunhas imaxes e obxectos da Semana Santa e a Pascua co seu simbolismo.	PE	80
CA1.8 - Observar nas celebracións litúrxicas, os espazos sacros e os sacramentos da Igrexa elementos esenciais do cristianismo, poñéndooos en relación coa vida de Xesús e a tradición da Igrexa.	Identifica algunhas imaxes e obxectos de Semana Santa e Pascua.		
CA1.6 - Distinguir algúns dos valores propios do cristianismo e a súa presentación en pasaxes dos evanxeos, para aplicar a cooperación e a mediación, a resolución pacífica de conflitos e a construción do ben común en situacións próximas.	Coñece accións e comportamentos cristiáns de mediación e de cooperación.	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá.</li> <li>- Cosmovisións, tradición cristiá e cultura.</li> <li>- Identificación de diversos símbolos e tradicións relixiosas, en torno ao calendario litúrxico e os sacramentos.</li> <li>- Xesús anuncia o Reino de Deus: fraternidade e misericordia.</li> <li>- A importancia do perdón para a construción de relacións sociais sólidas, solidarias e fraternas. O sacramento da reconciliación.</li> <li>- Obras artísticas que representan momentos da tradición bíblica e que son configuradoras da súa identidade cultural.</li> <li>- Valor cultural e artístico do patrimonio da diocese.</li> <li>- Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común.</li> </ul>

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A proposta moral cristiá para a vida en sociedade.</li> <li>- Hábitos e actividades para o logro dos obxectivos de desenvolvemento sostible á luz da ética cristiá.</li> <li>- Ética do coidado: a responsabilidade, a compaixón, o perdón e o amor.</li> <li>- Unha mirada cristiá á realidade: a toma de conciencia das situacións sociais inxustas.</li> <li>- Actitudes de respecto e inclusión para crear contornas de convivencia intercultural.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
7	A Igrexa	5

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.8 - Observar nas celebracións litúrxicas, os espazos sacros e os sacramentos da Igrexa elementos esenciais do cristianismo, poñéndoos en relación coa vida de Xesús e a tradición da Igrexa.	Distingue os sacramentos e rituais celebrativos da Igrexa.	PE	60
CA1.12 - Valorar a Igrexa como comunidade que continuou coa misión de Xesús resucitado, desde as primeiras comunidades cristiás ata a actualidade, recoñecendo as súas celebracións, tradicións e contribucións sociais.	Resume o inicio da Igrexa		
CA1.4 - Apreciar as relacións sociais como fonte de felicidade e desenvolvemento persoal, tomando como punto de partida os relatos sobre a comunidade de Xesús de Nazaret, os Apóstolos e a Igrexa, asumindo responsabilidades no coidado das persoas e do planeta.	Enumera os comportamentos dos primeiros cristiáns que continúa facendo a Igrexa	TI	40
CA1.7 - Admirar diferentes expresións do patrimonio cultural e da relixiosidade popular, recoñecendo a súa beleza e o seu significado relixioso e a súa vinculación con textos bíblicos, valorando a súa achega á identidade cultural.	Entende o patrimonio relixioso como valor na súa identidade cultural.		
CA1.10 - Identificar as virtudes e actitudes que axudan a un crecemento persoal e espiritual, a través do autoconecemento e do acceso a outras experiencias de personaxes da tradición cristiá.	Identifica as propias virtudes que contribúen ao seu crecemento como persoa.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá.</li> <li>- Relatos bíblicos de vocación e misión.</li> <li>- A importancia da familia e a comunidade como fonte de felicidade.</li> </ul>

**Contidos**

- Cosmovisións, tradición cristiá e cultura.
- Identificación de diversos símbolos e tradicións relixiosas, en torno ao calendario litúrxico e os sacramentos.
- Transmisión do sentimento relixioso a través da música e as artes.
- Antigo e Novo Testamento.
- Relatos bíblicos que describen a vida de Xesús de Nazaret cos Apóstolos e as primeiras comunidades cristiás.
- María, Nai da Igrexa.
- A Igrexa, Pobo de Deus, como comunidade que vive e celebra. O sacramento da Eucaristía.
- Aprecio da importancia de vivir a fe en comunidade para a persoa crente.
- Obras artísticas que representan momentos da tradición bíblica e que son configuradoras da súa identidade cultural.
- Valor cultural e artístico do patrimonio da diocese.
- Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común.
- A proposta moral cristiá para a vida en sociedade.
- Hábitos e actividades para o logro dos obxectivos de desenvolvemento sostible á luz da ética cristiá.
- Ética do coidado: a responsabilidade, a compaixón, o perdón e o amor.
- Unha mirada cristiá á realidade: a toma de conciencia das situacións sociais inxustas.
- Proxectos de servizo e solidariedade promovidos pola Igrexa.
- Actitudes de respecto e inclusión para crear contornas de convivencia intercultural.

UD	Título da UD	Duración
8	O diálogo con Deus	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Apreciar as relacións sociais como fonte de felicidade e desenvolvemento persoal, tomando como punto de partida os relatos sobre a comunidade de Xesús de Nazaret, os Apóstolos e a Igrexa, asumindo responsabilidades no coidado das persoas e do planeta.	Relaciona algúns textos de oración con situacións de diálogo sobre a responsabilidade do coidado da Creación	PE	80
CA1.8 - Observar nas celebracións litúrxicas, os espazos sacros e os sacramentos da Igrexa elementos esenciais do cristianismo, poñéndoos en relación coa vida de Xesús e a tradición da Igrexa.	Recoñece os diferentes modos de oración e de relacionarse con Deus.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.2 - Desenvolver sensibilidade sobre o valor da vida e da igual dignidade do ser humano, e o seu papel no coidado da natureza, tomando como modelo personaxes bíblicos e da tradición cristiá.	Redacta unha oración tratando o tema do valor da vida	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá.</li> <li>- As relacións cos outros como oportunidade de autocoñecemento e crecemento persoal.</li> <li>- Toma de conciencia da experiencia persoal e do modo de relacionarnos cos demais e con Deus.</li> <li>- Cosmovisións, tradición cristiá e cultura.</li> <li>- Identificación de diversos símbolos e tradicións relixiosas, en torno ao calendario litúrxico e os sacramentos.</li> <li>- Tipos de oración: características e diferenzas.</li> <li>- Obras artísticas que representan momentos da tradición bíblica e que son configuradoras da súa identidade cultural.</li> <li>- Valor cultural e artístico do patrimonio da diocese.</li> <li>- Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común.</li> <li>- A proposta moral cristiá para a vida en sociedade.</li> <li>- Hábitos e actividades para o logro dos obxectivos de desenvolvemento sostible á luz da ética cristiá.</li> <li>- Ética do coidado: a responsabilidade, a compaixón, o perdón e o amor.</li> <li>- Unha mirada cristiá á realidade: a toma de conciencia das situacións sociais inxustas.</li> <li>- Actitudes de respecto e inclusión para crear contornas de convivencia intercultural.</li> </ul>

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Partindo das experiencias do neno e da nena, co coñecemento que nos aporta a avaliación e a observación diaria, impulsaremos unha aprendizaxe individualizada. A través de preguntas colectivas, enquisas individuais... achegarémonos ao nivel do alumno para saber en cada situación o nivel de arranque, de desenvolvemento e a súa motivación (intereses, demandas, necesidades e expectativas). Tendo en conta o dito xunto coa idade do alumnado confrontaremos as súas experiencias coa mensaxe cristiá. Insertaremos historias e pasaxes da Biblia, situacións da vida cotiá, contos, narracións que se aproximen ás idades dos nenos e das nenas e adaptaremos a elección do tema á súa problemática, interese e realidade.

Entendendo sempre que a metodoloxía será activa (na procura da integración do neno na configuración da aprendizaxe e tendo en conta a súa participación no deseño do proceso de ensino e aprendizaxe) polo que variará e se adaptará ao nivel de coñecementos e evolución dos protagonistas, que son os nenos e as nenas, así como terá en consideración as competencias que pretendemos sexan adquiridas. Intentando asegurar aprendizaxes construtivos e significativos así como favorecer a aprendizaxe autónoma. Na procura do anteriormente citado e potenciando a creatividade do alumnado traballaremos de xeito individualizado, en gran grupo ou, en ocasións, en medio ou pequeno grupo. Faremos unha gradación das actividades, estas serán diversas e porase énfase na consecución das competencias, entendendo estas como o elemento guía ( como por exemplo a metodoloxía a usas tendo en conta a

autonomía e a iniciativa do alumno, as súas motivacións a nivel persoal, social ou cultural, a súa interacción co medio social, ten presente a competencia lingüística á hora de expoñer as unidades e procura a adquisición de novo vocabulario...). Intentaremos chegar á aprendizaxe a través do xogo e de maneira lúdica. O traballo será individualizado e cooperativo.

Os plantexamentos metodolóxicos da área fundaméntanse segundo a C.E.E.: atención personalizada ao alumnado, diversidade de actividades, estratexias, recursos e outros métodos didácticos, coidado do desenvolvemento emocional e cognitivo do alumnado respectando o seu ritmo evolutivo, aprendizaxe individualizado e cooperativo, na relación co entorno, enfoque competencial orientado á acción, o emprendemento e a aplicación dos saberes. Terase en conta as condicións persoais, sociais e culturais dos nenos e das nenas para detectar necesidades e propoñer accións de reforzo ou ampliación flexibilizando os procesos e garantindo a inclusión.

Tendo en conta o nivel de desenvolvemento psicoevolutivo do alumno/a, e do seu nivel de coñecemento imos na procura dunha construción de aprendizaxes significativos para que poida relacionar os novos contidos cos coñecementos que xa posúe, pretendemos potenciar a súa autonomía na súa aprendizaxe, chegar a aprender a aprender. A selección de contidos, unha metodoloxía activa que favoreza a adquisición das competencias básicas, a individualización e atendendo as circunstancias particulares do alumnado e unha carga de motivación, ambiente lúdico e afectividade, dando ao neno ou nena un espazo relaxado, familiar e seguro axudarannos neste proceso.

Imos na procura de que o neno e nena sexan os protagonistas:

Partir da experiencia do alumno e da súa realidade persoal, familiar, social e cultural,  
Espertar a curiosidade,

Identificar e formular as cuestións que suscitan estas situacións,

Buscar, analizar e contrastar as experiencias coas fontes bíblicas, patrimonio artístico e outras referencias eclesiais,  
Elabora respostas persoais e sociais dende a liberdade individual con pleno respecto as ideas alleas, contrastadas cos principios éticos do cristianismo,

Dialogar con outras visións, para a construción da convivencia e do ben común,

Comunicar con asertividade e empatía ideas e crenzas con creatividade en diversas linguaxes;

Aplicar este proceso formativo na construción da identidade persoal como preparación para toda a vida,

Promover o pensamento autónomo a través da escoita e comprensión de relatos bíblicos, contos e representacións artísticas da mensaxe cristiá.

Pretendemos que o neno e nena adquiran hábitos e valores necesarios para a súa vida, non só pensando no seu crecemento persoal senón tamén no seu desenvolvemento social e na súa relación coa contorna.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Aula Virtual
A Biblia
Outros libros sagrados
Obxectos relixiosos. Símbolos sagrados das diferentes confesións relixiosas
Diferentes libros presentes na aula: texto, libros de lectura e exposición, contos, cómics, revistas, xornais
Recursos informáticos. Webs CD audio con cancións e relatos. CD historias bíblicas ou morais. Historias das diferentes confesións relixiosas
Murais, cadros, mapas, láminas...
Diverso material funxible: papeis con texturas, cartolinas, plastilina, papel charol, gumes, papel de seda, folios, pinturas, cores

Material de refugallo
Xogos da área de relixión
- Fichas. Fichas do profesor con actividades de reforzo, ampliación e avaliación.
- Pantalla dixital

Seguindo a pedagogía de Xesús o emprego de todos os recursos propios da comunicación interpersonal, como a palabra, o silencio, a metáfora, a imaxe, os exemplos, os signos... Isto require unha procura de recursos axeitados para a transmisión real da súa mensaxe.

O material a usar é flexible e aberto, cambiará axustándose ás necesidades pedagóxicas e a accesibilidade aos recursos segundo o momento. Na educación infantil non usamos libro de texto polo que empregaremos láminas con lecturas, debuxos ou contos que nos introducen nas unidades a desenvolver.

### 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A importancia da avaliación inicial é patente, así xa se coñeza ao alumnado de cursos anteriores, pois o seu nivel evolutivo, o grado de coñecementos e de compromiso coa ensinanza-aprendizaxe varía.

Dende a segunda ou terceira semana do primeiro trimestre ( en atención ao horario da área) realizaremos diversas probas de xeito oral: probas obxectivas con preguntas e respostas, completar palabras ou establecer si as afirmacións son falsas ou verdadeiras, enquisas orais, exercicios escritos onde se pinta ou rodea...

Con estes instrumentos pretendemos achegarnos ao seu nivel de coñecementos, valorar o nivel de competencia curricular, apreciar os seus intereses e motivacións, diferenciar os seus hábitos de traballo e de conduta... A información aportada pola avaliación inicial terase en conta á hora de elaborar a presente programación.

### 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

#### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>20</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>20</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	60	70	60	60	60	80	60	80	<b>67</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	40	30	40	40	40	20	40	20	<b>33</b>

#### Criterios de cualificación:

RELIXIÓN CATÓLICA Total Prog.

Unidade didáctica U1 U2 U3 U4 U5 U6 U7 U8 Total UA  
 Peso UD/Tipo Ins. 15% 10% 20% 10% 10% 20% 10% 10% 100% 100%  
 Proba escrita 60 70 60 60 60 80 60 80 67% 67%  
 Táboa de indicadores 40 30 40 40 40 20 40 20 33% 33%

Entendemos a avaliación coma un elemento que permite recoller en cada momento, a información necesaria para poder tomar decisións respecto ao proceso de Ensinanza-aprendizaxe. Polo tanto, débese entender ao longo de todo o proceso educativo de forma global indicándonos qué obxectivos e competencias se conseguen e cales non, sabendo onde, como, cando e por qué se producen os problemas. Intentamos que a avaliación cumpra todas as funcións de diagnóstico, pronóstico, adaptación, orientación e control.

Procedementos e instrumentos que utilizaremos para avaliar ao alumnado:

1. Observación diaria.
2. Análise dos traballos dos alumnos e alumnas (carpeta, outros traballos...)
3. Actividades orais (diálogo, debates, entrevistas)
4. Probas específicas (obxectivas, tanto de xeito oral coma escrito)

A información acadada axudaranos a avaliar todo o proceso de ensinanza, a propia programación e a nosa función docente. Pretendemos que a avaliación nos informe de como se van adquirindo e desenvolvendo as capacidades previstas, que sexa un proceso continuado e atenda ás diferenzas, para que proporcionando datos de todos os participantes no proceso educativo: alumnado, docente, deseño e desenvolvemento curricular... poidamos axustar e realizar os cambios precisos.

Prima a observación diaria do traballo e do desenvolvemento do alumno así como o control do traballo feito, ademais do control dos traballos realizados faranse fichas dispostas para a avaliación, aos controis orais e escritos elaborados pola mestra sumaranse a valoración dos traballos específicos feitos polo alumnado. Á hora de cualificar non só temos en conta o dominio das unidades didácticas senón a actitude do alumno, non limitando este apartado á consecución de hábitos e normas de convivencia, de compromiso, de superación, é dicir, referirémonos ao amplo ámbito que abarca o feito de acadar as competencias, á súa formación como persoa.

Na avaliación do alumno teranse en conta varios aspectos: os coñecementos adquiridos, o traballo diario e as actitudes.

#### INSTRUMENTOS %

##### O OBSERVACIÓN

Proba específica e obxectiva

Os obxectivos propostos 50

Probas orais

Os obxectivos propostos, escoita, respecto 10

Atención

Comprensión

Ficheiro, carpeta

Outros exercicios, traballo diario

Coida o material, esforzo, ritmo de realización 20

#### **Criterios de recuperación:**

A través da avaliación detectaremos as situacións que precisan reforzo. Retomaranse os modos de avaliación citados para comprobar o nivel de adquisición.

#### **6. Medidas de atención á diversidade**

No artigo 75 da LOMLOE indicase a necesidade de actuar baixo o prisma da inclusión e a atención á diversidade en todos os ámbitos educativos.

O principio de heteroxeneidade comporta a existencia de distintos ritmos e niveis de aprendizaxe nunha mesma clase polo que o respecto e a atención á diversidade son fundamentais. A finalidade de atender á diversidade é garantir un axeitado desenvolvemento do alumnado en función das súas necesidades educativas.

Para atender ás características persoais e grupais do alumnado debemos achegarnos a súa realidade e á do centro, así como ao contexto sociocultural no que vive e no que se atopa o colexio. O exposto na programación é suficientemente amplo e flexible para poder ter en conta a individualidade de cada neno e nena, e cada grupo. A través dos materiais e recursos, así como da temporalidade teremos en conta as características concretas ante as que nos enfrontamos; ampliaremos ou reforzaremos de xeito individual ou colectivo aqueles aspectos que consideramos fundamentais. En especial terase en conta o nivel evolutivo do alumnado con necesidades educativas especiais.

Coordinarémonos co mestre titor/a no afán de continuidade na labor educativa e seguiremos as indicacións feitas polo equipo de orientación.

Dentro das medidas para a inclusión e a atención á diversidade faremos fincapé en:

A atención ás dificultades e potencialidades do alumno/a e do grupo

A atención ás necesidades individuais

Intentar minimizas as dificultades con recursos e estratexias para atender as necesidades individuais

Ao comezo do curso realizarase unha proba de avaliación inicial que permitirá detectar se hai alumnado con necesidades específicas de apoio educativo

Ao longo das unidades didácticas atenderase á diversidade de todo o alumnado propoñendo actividades non discriminatorias, métodos de carácter compensador, actividades variadas para os diferentes ritmos de aprendizaxe, instrumentos de avaliación flexibles, ou valores que inclúan a pluralidade do alumnado.

Plantéxanse actividades moi sinxelas, mais manipulativas e visuais para aquel alumnado que teña un ritmo de aprendizaxe máis lento ou que amose dificultades concretas nalgún contido. Tamén se propoñen actividades máis complexas para aquel alumnado que teña un maior ritmo de aprendizaxe ou que posúa aptitudes para ampliar certos contidos.

Para os alumnos con altas capacidades intelectuais ou condicións extraordinarias para a materia facilitarase unhas actividades de ampliación, así como tarefas voluntarias.

Todas as materias teñen en conta a individualidade do alumnado pero en especial a nosa área, polas propias características, o ten moi presente considerando un principio básico o ter en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe, así como os distintos intereses e motivacións: en todas as unidades programadas hai un apartado con actividades específicas de ampliación ou reforzo nas que segundo a temática inténtase a través das tarefas que van dende elaborar listados, facer manifestos, relacionar e unir, riscar, rodear, crebacabezas, visionado de imaxes, uso das tic... que o neno ou nena consiga reforzar ou ampliar o tratado na procura da consecución das competencias.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Educación emocional e en valores.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Fomento da creatividade	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X



	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.5 - Comprensión dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Fomento do espírito científico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación para a utilización responsable do tempo libre e de lecer	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Educación moral e cívica	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Educación para a Paz	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.10 - Educación non sexista	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.11 - Educación para a igualdade de oportunidades	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.12 - Educación ambiental	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.13 - Educación do consumidor	X	X	X	X	X	X	X	X

#### Observacións:

Os temas terán unha presenza diacrónica ao longo do currículo e non exclusivamente sincrónica. A ensinanza relixiosa entróncase na súa esencia de aprendizaxe, con diversos temas encadrados en transversais:

Educación moral e cívica: adquisición de comportamentos para unha boa convivencia, valorar o coidado e amor á familia, aos compañeiros/as e amigos/as para despois proxectalo a todo ser humano, o respecto a outras crenzas e relixións, costumes, valoración das iniciativas solidarias, admiración pola labor humanitaria, participación responsable na aula.

Educación para a Paz: conseguir reaccións próximas: non pelexar, debater pacificamente ata conseguir sentimentos de tolerancia, comprensión, respecto aos demais, chegando a ser samaritanos do século XXI: interese por participar en accións concretas que melloran a relación cos demais, respecto polos Dereitos Humanos, polo feito relixioso, o amor como pauta de comportamento.

Educación non sexista: na procura dunha actitude de respecto cara ao propio corpo e cara aos demais eliminando as discriminación en razón do xénero, estudaremos as mulleres da Biblia, o respecto á dignidade, a identificación de situacións de marxinación. Emprego dunha linguaxe non sexista.

Educación para a igualdade de oportunidades: independentemente do xénero e das situacións económicas e sociais.

Educación para a saúde: coidado e respecto como valores máximos, aprecio e admiración pola actitude ante a enfermidade.

Educación ambiental: descubrimento e afianzamento da interrelación. Natureza-ser humano, entender a responsabilidade da persoa na súa protección e explotación ( recollida selectiva de lixo, os alimentos naturais), admiración pola beleza da Creación e o seu coidado e respecto.

Educación do consumidor: actitude crítica ante o consumismo (en especial no Nadal e en cuestións sobre as marcas e modas), aprecio e admiración pola actitude solidaria e cooperativa, aprecio dos valores non-consumistas, valoración do non-material.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Magosto	Colaboración co Equipo de Dinamización, dende a área de relixión traballaremos a recollida dos froitos de outono	X		
Samaín	Colaboración co Equipo de Dinamización, traballaremos a Santa Compañía	X		
25N	Traballaremos o tema da violencia de xénero (aprendemos cancións relacionadas co tema)	X		
Nadal	Celebramos o nacemento de Xesús	X		
Día da Paz	Traballamos a Paz e a non violencia (elaboración de murais, aprendemos poesías...)		X	
Día da Muller	As mulleres na Biblia. A figura da Virxe María, nai de Xesús e dos cristiáns		X	
Semana Santa	Elaboración dunha manualidade relacionada coa Semana Santa		X	
Os Maios	Colaboración co Equipo de Dinamización e co Equipo de Biblioteca			X
Letras Galegas	Colaboración co Equipo de Dinamización e co Equipo de Biblioteca			X

### Observacións:

No caso de ser posible a súa realización, a área queda aberta a charlas e visitas dentro ou fora da aula, de persoas e organizacións que aporten vivencias e experiencias acordes á programación do curso, do mesmo xeito queda aberta á participación en actividades (concursos, visitas a exposicións ou monumentos, rutas pola cidade...) propostas pola mestra, polos equipos docentes ou diferentes organismos ou organizacións alleas ao colexio que se axusten didacticamente ao programado.

Participarase nas actividades propostas polos distintos equipos (dinamización, biblioteca, convivencia...) de diversas maneiras segundo a temática, como exemplo: no Nadal recollendo panxoliñas e tradicións galegas; no Samaín tratando a Santa Compañía, no Día escolar pola Paz con murais e manifestos, dramatizando poesías, aprendendo cancións...

As actividades complementarias da área axústanse aos cambios de tempo litúrxico, momentos nos que se farán diferentes tarefas que rompen o ritmo habitual da aula segundo o curso e o ciclo litúrxico: investigacións, elaboración de manualidades...

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Proceso de ensino/aprendizaxe

Metodoloxía empregada
Avaliación do proceso de ensino/aprendizaxe
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Dedicación ao centro

### Descrición:

A escala de valoración dos elementos será a seguinte:

- desempeño nulo 0
- desempeño insuficiente 1
- desempeño básico 2
- desempeño competencial 3
- desempeño excelente 4

Proceso de ensino / aprendizaxe:

Participo activamente na elaboración da programación didáctica.  
 A programación de aula está concretada tendo en conta as características do grupo.  
 Na programación recóllense os estándares de aprendizaxe que debe adquirir o alumnado con cada unidade didáctica / tarefa / descontextualizadas.  
 Planifico diariamente as actividades.  
 Presento as actividades de maneira que o alumnado as comprenda.  
 Propoño actividades que resulten significativas para o alumnado.  
 Integro as tecnoloxías da información e da comunicación na miña práctica docente.  
 Consigo que o alumnado manteña unha boa dinámica de aprendizaxe.  
 O clima de aula é bo.  
 Trato con atención e respecto a todo o alumnado.  
 Existen unhas normas claras na aula, en cuxa elaboración participou o alumnado.  
 Favorezo a autoestima do alumnado.  
 Utilizo unha metodoloxía axeitada ás características do alumnado con NEAE.  
 Utilizo recursos e materiais variados.

Avaliación do proceso de ensino / aprendizaxe:

Realizo unha avaliación inicial a todo o alumnado.  
 Os criterios de avaliación, estándares e criterios de cualificación son claros e obxectivos.  
 Rexistro as observacións realizadas nas distintas etapas do proceso de avaliación (corrección dos traballos, probas, dificultades e logros do alumnado...)  
 Cando se detectan erros nas actividades do alumnado, explícaselle onde está o erro e como facelo ben.  
 A avaliación do alumnado serve para orientar o proceso de aprendizaxe.

Dedicación ao centro:

Realizo propostas para a elaboración dos documentos do centro.  
 Participo activamente na redacción da programación didáctica.  
 Participo activamente na redacción da memoria final.  
 Propoño e organizo actividades complementarias axeitadas ao currículo.  
 Favorezo a integración do alumnado dentro do grupo/clase.  
 Reacciono de forma axeitada ante situacións inesperadas ou conflitivas.  
 Realizo un seguimento do absentismo do alumnado.  
 Amoso disposición para atender as necesidades do centro.  
 Facilito as familias os criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e criterios de cualificación.  
 Participo nos plans de formación do centro.  
 Desempeño as miñas funcións baixo un criterio de profesionalidade e código deontolóxico.  
 Inicio e finalizo con puntualidade as clases.  
 Entrego en prazo os documentos requiridos polo centro.

## **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

Revisión constante da programación e da actividade docente na procura de melloras (adaptación ás necesidades e ao nivel evolutivo do alumno e alumna).

## **9. Outros apartados**